



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 12 de setembro de 2025

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día doce de setembro de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(694).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 5 de setembro de 2025. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(695).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SOPORTE DUN SISTEMA DE AUTOMATIZACIÓN DE PROCESOS MEDIANTE TECNOLOXÍAS RPA. EXPTE. 10731/113.

Visto o informe xurídico de data 14/08/2025 e o informe de fiscalización de data 27/08/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 08/08/2025, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 19/06/2025 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación do servizo de soporte de un sistema de automatización de procesos mediante tecnoloxías RPA.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 19/06/2025 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda da mesma data.
- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de datas 26/06/2025 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 01/07/2025 asinado polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Memoria xustificativa do contrato de data 29/07/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Memoria económica do contrato de data 29/07/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda de 29 e 30 de xullo respectivamente.
- Informe da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 07/08/2025, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 07/08/2025.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polo Decreto da Alcaldía de data 19 de xuño do 2023 de estrutura das áreas, que se completa coa Resolución da Alcaldía do 20 de xuño do 2023 de delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023 de delegación de competencias. A concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mediante resolución de data 19/06/2025 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramítase como un contrato de servizos.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexerán o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria con múltiples criterios de valoración, conforme ao disposto no artigo 116 e 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do servizo de soporte de un sistema de automatización de procesos mediante tecnoloxías RPA, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 19/06/2025 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda da mesma data.
- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de datas 26/06/2025 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 01/07/2025 asinado polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Memoria xustificativa do contrato de data 29/07/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Memoria económica do contrato de data 29/07/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda de 29 e 30 de xullo respectivamente.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

- Informe da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 07/08/2025, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 07/08/2025.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **10.000,00 €**, que inclúe un IVE de **1.735,54 €**, dende o 1 de novembro de 2025, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2025	Soporte en programación e asesoramento	9207.2270603	8.264,46 €	1.735,54 €	10.000,00 €

TERCEIRO.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de **30.000,00 €**, que inclúe un I.V.E. de **5.206,61 €**, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e exercicio:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2026	Soporte en programación e asesoramento	9207.2270603	24.793,39 €	5.206,61 €	30.000,00 €

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(696).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ELEMENTOS DE TRANSPORTE VERTICAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 52694/444.

Visto o informe xurídico de data 2/09/2025 e o informe de fiscalización de data 8/09/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 20/08/2025, asinado polo xefe da Unidade Técnica de implantación de servizos na vía pública, a enxeñeira Industrial, a técnica de xestión da Área de Servizos Xerais e conformado polo xefe da Área de Servizos Xerais e polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

S.ord. 12/09/2025.

I.- ANTECEDENTES

1. Con data 01 de xuño de 2023 A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, acordou aprobar o expediente de contratación a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria, do contrato de SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ELEMENTOS DE TRANSPORTE VERTICAL DO CONCELLO DE VIGO, expte. 52694/444, así como o Prego de Prescricións Técnicas particulares redactado e asinado pola enxeñeira Industrial en data 10 de maio de 2023, e o Prego de Cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 31 de maio de 2023.
2. A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 01 de setembro de 2023, acordou adxudicar a TK ELEVADORES ESPAÑA S.L. (C.I.F. B46001897) o contrato do **SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ELEMENTOS DE TRANSPORTE VERTICAL DO CONCELLO DE VIGO (52694-444)** por procedemento aberto e por un prezo total de **CATROCENTOS DEZA NOVE MIL CENTO TRINTA E CINCO EUROS CON VINTE NOVE CÉNTIMOS (419.135,29 €)** sendo a cota correspondente ao IVE de 72.742,49 €,
 - *Escaleiras mecánicas: 63.228,00 euros (SEN IVE)*
 - *Ramplas mecánicas: 176.372,00 euros (SEN IVE)*
 - *Ascensores urbanos: 106.792,80 euros (SEN IVE)*

coas seguintes porcentaxe de desconto (%) a aplicar aos prezos unitarios sinalados no apartado 3.G das FEC do PCAP.:

RAMPLAS	€/MES SEN IVE	% BAIXA OFERTADA	€/MES OFERTADO SEN IVE
Aparatos de menos de 7 metros	350	65,00%	122,50 €
Aparatos de 7 a 12 metros	400		140,00 €
Aparatos de 13 a 17 metros	450		157,50 €
Aparatos de 18 a 25 metros	550		192,50 €
Aparatos de 26 a 35 metros	700		245,00 €
Aparatos de 36 a 45 metros	850		297,50 €
Aparatos de 46 a 65 metros	1100		385,00 €

ESCALEIRAS	€/MES SEN IVE	% BAIXA OFERTADA	€/MES OFERTADO SEN IVE
------------	---------------	------------------	------------------------



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

Aparatos de menos de 7 metros	350	65,00%	122,50 €
Aparatos de 7 a 12 metros	400		140,00 €
Aparatos de 13 a 17 metros	450		157,50 €
Aparatos de 18 a 25 metros	550		192,50 €
Aparatos de 26 a 35 metros	700		245,00 €
Aparatos de 36 a 45 metros	850		297,50 €
Aparatos de 46 a 65 metros	1100		385,00 €
ASCENSORES	€/MES SEN IVE	% BAIXA OFERTADA	€/MES OFERTADO SEN IVE
Inclinado	1800	65,00%	630,00 €
Vertical <= 10 metros	300		105,00 €
Vertical de 11 metros a 20 metros	400		140,00 €
Vertical de 21 metros a 30 metros	500		175,00 €
Vertical de 31 metros a 50 metros	650		227,50 €

- De acordo co indicado no apartado 4.a) das FEC recollidas no PCAP da licitación, o prazo do contrato é de dous anos, e así mesmo o apartado 4.c) indica a opción de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.
- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 26 de setembro de 2023, sendo a data de inicio do contrato o 01 de outubro de 2023 e a data de finalización o vindeiro 30 de setembro de 2025.
- En relación ao importe das posibles prórrogas (1 +1 anos), estableceuse, na determinación do valor estimado do contrato, o seguinte cálculo de acordo ás seguintes táboas:

Escaleiras mecánicas

SITUACIÓN	PREZO MENSUAL (SEN IVE)	Nº MESES	TOTAL
Abeleira Menéndez 1	450 €	12	5.400 €
Abeleira Menéndez 2	450 €	12	5.400 €

S.ord. 12/09/2025.

Abeleira Menéndez 3	400 €	12	4.800 €
Abeleira Menéndez 4	450 €	12	5.400 €
CC Pizarro	450 €	12	5.400 €
Praza de Portugal	400 €	12	4.800 €
Rúa Talude-Colexio Mariano	400 €	12	4.800 €
TOTAL ANUAL			36.000 €

Ramplas mecánicas

SITUACIÓN	PREZO MENSUAL (SEN IVE)	Nº MESES	TOTAL
PAS 02- María Berdiales	850 €	12	10.200 €
PAS 03-Paraguay-Braile	550 €	12	6.600 €
PAS 04- Sede ONCE	1.100 €	12	13.200 €
PAS 05- Ecuador	450 €	12	5.400 €
PAS 06- Pantalla información	700 €	12	8.400 €
PAS 07- Venezuela	400 €	12	4.800 €
PAS 08- Bolivia	1.100 €	12	13.200 €
PAS 09- Nicaragua	850 €	12	10.200 €
Centro Saúde Teis	1.100 €	12	13.200 €
Centro de salud lavadores andén: Nº1	550 €	12	6.600 €
Centro de salud lavadores andén: Nº2	550 €	12	6.600 €
Centro de salud lavadores rampa: Nº3	400 €	12	4.800 €
Vigo Vertical, Corredor Mecánico entre Travesía Aragón Tramo Alto	700 €	12	8.400 €
Porta do Sol - Rúa Carral	700 €	12	8.400 €
Escultor Gregorio Fernández	550 €	12	6.600 €
Escultor Gregorio Fernández	550 €	12	6.600 €
Escultor Gregorio Fernández	550 €	12	6.600 €
Escultor Gregorio Fernández	700 €	12	8.400 €
Escultor Gregorio Fernández	700 €	12	8.400 €
Acceso mecánico Colegio Losada A Ramón Nieto 1	700 €	12	8.400 €
Acceso mecánico Colegio Losada A Ramón Nieto 2	700 €	12	8.400 €
Acceso mecánico Colegio Losada A Ramón Nieto 3	850 €	12	10.200 €
TOTAL ANUAL			183.600 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

Ascensores urbanos

SITUACIÓN	PREZO MENSUAL (SEN IVE)	Nº MESES	TOTAL
Ascensor Inclinado Juan Ramón Jiménez	1.800 €	12	21.600 €
Ascensor CC Pizarro	400 €	12	4.800 €
Ascensor de Marqués de Valterra	400 €	12	4.800 €
Ascensor San Salvador	300 €	12	3.600 €
Ascensor parque Camilo Jose Cela	400 €	12	4.800 €
Praza estación-Urzáiz	400 €	12	4.800 €
Ascensor Juan Ramón Jiménez entre C/ Marqués de Valterra y C/Torrecedeira	400 €	12	4.800 €
Ascensor Juan Ramón Jiménez , entre Camelias e Hispanidade. (clínica Pintado)	400 €	12	4.800 €
Ascensor entre Avenida Hispanidade y Rúa de Romil	300 €	12	3.600 €
Travesía de Vigo - Aragón (Zona igrexa)	300 €	12	3.600 €
HALO:Serafín Avendaño – VIALIA-1	650 €	12	7.800 €
HALO:Serafín Avendaño – VIALIA-2	650 €	12	7.800 €
TOTAL ANUAL			76.800 €

Resultando un importe máximo de **DOUSCENTOS NOVENTA E SEIS MIL CATROCENTOS EUROS (296.400 €)**, para a prórroga dun ano.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- O artigo 29.2 da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP) establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables

S.ord. 12/09/2025.

durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior.

Segundo.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

O referido apartado 4 das FEC establece nun prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión no seu apartado C) de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Terceiro.- Considérase conveniente polos técnicos que subscriben, a proposición da prórroga do contrato do “SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ELEMENTOS DE TRANSPORTE VERTICAL DO CONCELLO DE VIGO” por un período dun ano toda vez que o funcionamento do servizo durante este prazo de execución foi satisfactorio cumpríndose correctamente as condicións establecidas á contratista.

Cuarto.- Consta no contrato de referencia, o preaviso de prórroga, notificado electrónicamente ao contratista en data 02.07.2025, así como, escrito presentado pola contratista do contrato, no Rexistro Xeral do Concello, o día 14.07.2025, no que manifesta a súa conformidade coa prórroga do contrato proposta.

Quinto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Sexto.- O período da prórroga do contrato comprenderá dende o 01/10/2025 ao 30/09/2026, sendo o importe do contrato anual **DOUSCENTOS VINTE E DOUS MIL DOUSCENTOS DOUS EUROS CON CORENTA E SETE CÉNTIMOS (222.202,47€)**, sendo a cota correspondente ao IVE de **TRINTA E OITO MIL CINCOCENTOS SESENTA E CATRO EUROS CON SETE CÉNTIMOS (38.564,07 €)**; segundo o seguinte desglose amosado nas táboas dos anos 2025 e 2026:

- **Ano 2025:** período comprendido entre o 01/10/2025 e o 31/12/2025;



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

		AÑO 2025	
SITUACIÓN	Nº MESES	PREZO MENSUAL OFERTADO (SEN IVE)	TOTAL OFERTADO
AÑO 2026			
SITUACIÓN	Nº MESES	PREZO MENSUAL OFERTADO (SEN IVE)	TOTAL OFERTADO (SEN IVE)
Abeleira Menéndez 1	9	405,00 €	3.645,00 €
Abeleira Menéndez 2	9	360,00 €	3.240,00 €
Abeleira Menéndez 3	9	382,50 €	3.442,50 €
Abeleira Menéndez 4	9	382,50 €	3.442,50 €
CC Pizarro	9	436,50 €	3.928,50 €
Praza de Portugal	9	388,00 €	3.492,00 €
Rúa Talude-Colexio Mariano	9	280,00 €	2.520,00 €
PAS 02- María Berdiales	9	510,00 €	4.590,00 €
PAS 03-Paraguay-Braile	9	384,45 €	3.460,05 €
PAS 04- Sede ONCE	9	495,00 €	4.455,00 €
PAS 05- Ecuador	9	360,00 €	3.240,00 €
PAS 06- Pantalla información	9	489,30 €	4.403,70 €
PAS 07- Venezuela	9	320,00 €	2.880,00 €
PAS 08- Bolivia	9	440,00 €	3.960,00 €
PAS 09- Nicaragua	9	365,50 €	3.289,50 €
Centro Saúde Teis	9	495,00 €	4.455,00 €
Centro de salud lavadores andén: Nº1	9	330,00 €	2.970,00 €
Centro de salud lavadores andén: Nº2	9	330,00 €	2.970,00 €
Centro de salud lavadores rampa: Nº3	9	300,00 €	2.700,00 €
Vigo Vertical, Corredor Mecánico entre Travesía Aragón Tramo Alto	9	455,00 €	4.095,00 €
Porta do Sol - Rúa Carral	9	441,00 €	3.969,00 €
Escultor Gregorio Fernández	9	352,00 €	3.168,00 €
Escultor Gregorio Fernández	9	352,00 €	3.168,00 €
Escultor Gregorio Fernández	9	352,00 €	3.168,00 €
Escultor Gregorio Fernández	9	455,00 €	4.095,00 €
Escultor Gregorio Fernández	9	448,00 €	4.032,00 €
Acceso mecánico Colegio Losada A Ramón Nieto 1	9	462,00 €	4.158,00 €
Acceso mecánico Colegio Losada A Ramón Nieto 2	9	441,00 €	3.969,00 €
Acceso mecánico Colegio Losada A Ramón Nieto 3	9	527,00 €	4.743,00 €
Ascensor Inclinado Juan Ramón Jiménez	9	1.440,00 €	12.960,00 €
Ascensor CC Pizarro	9	388,00 €	3.492,00 €
Ascensor de Marqués de Valterra	9	279,60 €	2.516,40 €
Ascensor San Salvador	9	294,00 €	2.646,00 €
Ascensor parque Camilo Jose Cela	9	279,60 €	2.516,40 €
Praza estación-Urzáiz	9	300,00 €	2.700,00 €
Ascensor Juan Ramón Jiménez entre C/ Marqués de Valterra y C/Torrecedeira	9	260,00 €	2.340,00 €
Ascensor Juan Ramón Jiménez , entre Camelias e Hispanidade. (clínica Pintado)	0	256,00 €	- €
Ascensor entre Avenida Hispanidade y Rúa de Romil	9	201,00 €	1.809,00 €
Travesía de Vigo - Aragón (Zona igrexa)	9	204,00 €	1.836,00 €
HALO:Serafin Avendaño – VIALIA-1	0	435,50 €	- €
HALO:Serafin Avendaño – VIALIA-2	0	435,50 €	- €
		TOTAL OFERTADO (SEN IVE)	138.464,55 €

		TOTAL CON IVA
TOTAL (SEN IVE)	138.464,55 €	167.542,11 €

S.ord. 12/09/2025.

- **Ano 2026:** período compreendido entre o 01/01/2026 e o 30/09/2026,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

Sétimo.- O importe da prórroga imputarase á aplicación orzamentaria 1532.227.99.00 “MANTEMENTO E CONSERVACIÓN ASCENSORES EN VÍAS”, segundo a seguinte distribución anual:

- **Ano 2025:** período comprendido entre o 01/10/2025 e o 31/12/2025; importe de **54.660,36 €**
- **Ano 2026:** período comprendido entre o 01/01/2026 e o 30/09/2026, importe de **167.542,11€**

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato do servizo de mantemento integral dos elementos de transporte vertical do Concello de Vigo (52694-444), formalizado coa entidade mercantil TK ELEVADORES ESPAÑA S.L.(B-46.001.897) polo período comprendido dende o 01/10/2025 ata o 30/09/2026.

Segundo.- Autorizar o gasto estimado do contrato do SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ELEMENTOS DE TRANSPORTE VERTICAL DO CONCELLO DE VIGO (52694-444) a favor da entidade mercantil TK ELEVADORES ESPAÑA S.L. (C.I.F. B-46.001.897) **DOUSCENTOS VINTE E DOUS MIL DOUSCENTOS DOUS EUROS CON CORENTA E SETE CÉNTIMOS (222.202,47€), sendo a cota correspondente ao IVE de TRINTA E OITO MIL CINCOCENTOS SESENTA E CATRO EUROS CON SETE CÉNTIMOS (38.564,07 €);** imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 1532.227.99.00 “MANTEMENTO E CONSERVACIÓN ASCENSORES EN VÍAS”, segundo a seguinte distribución anual:

- **Ano 2025:** período comprendido entre o 01/10/2025 e o 31/12/2025: importe de **54.660,36 €**
- **Ano 2026:** período comprendido entre o 01/01/2026 e o 30/09/2026: importe de **167.542,11€**

Terceiro.- Notificar á empresa contratista TK ELEVADORES ESPAÑA S.L. (C.I.F. B-46.001.897) indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(697).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZO DE ALUGUEIRO (RENTING) DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE SEN CONDUTOR PARA O DESPRAZAMENTO DE TRABALLADORES/AS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO. EXPTE. 21654/77.

Visto o informe xurídico de data 06/08/2025 e o informe de fiscalización de data 02/09/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 09/07/2025, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e conformado polo concelleiro delegado, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

1. Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
2. Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
3. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
4. Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
5. Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

I. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de novembro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a AUTOS BREA, S.L. o procedemento aberto simplificado para a contratación do aluguer, na modalidade de renting, de elementos de transporte sen condutor para o desprazamento de traballadores/as do Plan Municipal de Emprego (19981-77) por un prezo total de 70.422,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.222,00 euros, e coa seguinte condición:

- a) Propón unha porcentaxe de desconto do 2 % a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

II. Con data 28/11/2023, a Concelleira de área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal asinou o contrato co representante da entidade mercantil AUTOS BREA, S.L.

Segundo o disposto no apartado 7.3 do PCAP este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

No apartado 4.C das FEC e no apartado 4 da memoria xustificativa se prevén dúas (2) prórrogas dun (1) ano de duración e a cláusula catro do contrato dispón que o prazo de duración do contrato é de 2 anos, contado a partir do día seguinte ao da sinatura do mesmo pola Concelleira delegada de Contratación, contemplándose 2 prórrogas dun ano de duración cada unha.

O contrato foi formalizado con data 28/11/2023 iniciándose a súa execución o día seguinte (29/11/2023), polo que, o seu prazo finalizará o 28/11/2025.

III. De acordo co disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e conforme á previsión contida nos pregos e demais documentación do contrato, iníciase o presente expediente para a prórroga da primeira prórroga de un (1) ano do contrato, durante o período comprendido entre o 29/11/2025 – 28/11/2026.

IV. A través da notificación co número de saída 79812-2025-1 recibida o 23/06/2025, se comunicou á adxudicataria o preaviso da prórroga do contrato.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), dispón que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. Segundo o disposto no dito precepto, a prórroga acordarase polo órgano de contratación sendo obrigatoria para o empresario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Así mesmo, o apartado 7.3 do PCAP dispón que o poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

A través da notificación co número de saída 79812-2025-1, recibida o 23/06/2025, se comunicou á adxudicataria o preaviso da prórroga do contrato coa antelación mínima exixida no citado artigo 29.2 da Lei 9/2017 e apartado 7.3 do PCAP.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato dispón, na cláusula 7.1, que o prazo do contrato será o establecido no apartado 4.A das Follas de Características do Contrato (FEC), o cal contempla un prazo de dous anos. Deste xeito, téndose iniciado a execución a partir do día seguinte á súa formalización (29/11/2023), con data 28/11/2023, o seu prazo finalizará o vindeiro 28/11/2025.

En relación co anterior, no apartado 4.C FEC, se prevén dúas (2) prórrogas cun ano de duración cada unha.

II. Na actualidade, o servizo de aluguer (renting) de elementos de transporte sen condutor para o desprazamento de traballadores/as do Plan Municipal de Emprego (expte.19981/77) se desenvolve conforme o disposto no prego de condicións técnicas.

III. Durante o período de duración da prórroga, atendendo ao disposto no artigo 29.2 da LCSP, as características do contrato permanecerán inalterables.

IV. A prórroga do contrato terá un importe de 35.211,00 € (IVE incluído) e se imputará á aplicación orzamentaria 2410 2040000 ALUGUER DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE (P. EMPREGO), quedando distribuído o prezo para o período 29/11/2025 - 28/11/2026, nas anualidades que se indican de seguido:

ANO 2025	PREZO CON IVE
29/11/2025 – 31/12/2025	3.129,87 €
ANO 2026	PREZO CON IVE
01/01/2026 – 28/11/2026 (MÁXIMO 10 MESES)	32.081,13 €
TOTAL CONTRATO	PREZO CON IVE
	35.211,00 €

V. Debido á necesidade de garantir a prestación do servizo de aluguer (renting) de elementos de transporte sen condutor para o desprazamento de traballadores/as do Plan Municipal de Emprego (expte. 19981/77).

VI. A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este mesmo tipo de actividade en anos anteriores e, polo tanto, se encadra na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.”

VI. O órgano competente para acordar a prórroga dos contratos é a Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

Á vista do exposto anteriormente e das competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolución da Alcaldía do 19 de xuño de 2023 aprobando a Estrutura da Administración do Concello de Vigo, Resolución de Alcaldía de 21 de xuño de 2023 aprobando a delegación de competencias xenéricas nos concelleiros de Área de Goberno e concelleiros delegados, e acordos da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2023 aprobando a "Delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias) e do 28 de xuño de 2024, e conforme ao establecido no artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, na cláusula 7ª do Prego de Cláusulas Administrativas e nos apartados 4.A e 4.C das FEC do contrato, atendendo ás necesidades expostas, e previo informe de Intervención, **PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, a aprobación do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: Autoriza-la primeira prórroga de UN ANO do contrato de servizo de aluguer (renting) de elementos de transporte sen condutor para o desprazamento de traballadores/as do Plan Municipal de Emprego (expte. 19981/77), adxudicado a **AUTOS BREA, S.L.** por acordo de Xunta de Goberno Local do 3 de novembro de 2023, para o período comprendido entre 29/11/2025 – 28/11/2026, polo importe de 35.211,00 € (IVE incluído), e se imputará á aplicación orzamentaria 2410 2040000 ALUGUER DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE (P. EMPREGO), manténdose inalterables, no período de prórroga, as características do contrato.

SEGUNDO: Autorizar e comprometer o gasto da prórroga do contrato, de acordo co disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, polo importe total de 35.211,00 €.

Aprobar o gasto do exercicio corrente 2025 por importe de 3.129,87 €, e asumir o compromiso de incluír nos orzamentos do exercicios futuros o crédito necesario para facer fronte ao gasto de 32.081,13 € no exercicio 2026.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(698).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE REDACCIÓN DE PLANS DE EMERXENCIA E AUTOPROTECCIÓN E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE PARA EVENTOS PROGRAMADOS POLO SERVIZO DE FESTAS. EXPTE. 10461/335.

Visto o informe xurídico de data 04/09/2025 e o informe de fiscalización de data 05/09/2025 ,sométese a aprobación o informe-proposta de data 13/08/2025, asinado pola xefa do Servizo de Festas e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

6.Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

7.Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións públicas (RLCAP).

8.Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

9.Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

10.Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

1. Antecedentes

I. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 04 de novembro de 2024, acordou aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos programados polo servizo de Festas.

II. A Xunta de Goberno Local, na sesión do 17 de decembro de 2024, acordou:
“Adxudicar a PREVENTECNIA INGENIERÍA Y AUTOPROTECCIÓN, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos programados polo Servizo de Festas (10307-335) por un prezo total do contrato de 53.007,14 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 9.199,59 euros e coas seguintes condicións:

a) A porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos consignados no apartado 3.G desta FEC é de 12,00 % .



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

b) O/A técnico/a superior para adscribir á execución do contrato elaborou nos últimos 5 anos, 26 plans de Autoprotección para actividades de espectáculos públicos e recreativas, conforme ao Real Decreto 393/2007, de 23 de marzo polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección.

c) Habilitación como director/a de seguridade privada polo Ministerio do Interior do/a técnico/a superior asignado/a para a execución do contrato.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”

III. Con data 17/12/2024, a Concelleira da Área de Goberno de Contratación asinou o contrato co representante da entidade mercantil *PREVENTECNIA INGENIERÍA Y AUTOPROTECCIÓN, SL*, contemplándose unha prórroga dun ano de duración.

IV. Consta aviso previo da 1ª prórroga, enviado o 08/08/2025 coa antelación mínima esixida, en cumprimento do artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, sendo a aplicación da devandita prórroga obrigatoria para o contratista. Esta notificación é recibida polo adxudicatario o 12/08/2025, infórmase que o Concello de Vigo inicia o procedemento para acordar a correspondente prórroga de UN ano (de 18 de decembro de 2025 ao 17 de decembro de 2026) do contrato do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos programados polo Servizo de Festas (exp 10307-335), conforme ao estipulado no devandito contrato.

2. Fundamentos de dereito

O artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, dispón no seu apartado segundo, que o contrato poderá prever unha o varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga apróbase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza con dous meses de antelación á finalización do prazo de execución do contrato.

No devandito artigo, no seu apartado cuarto, establécese que o prazo de duración nos contratos públicos de servizos será de 5 anos máximo, incluídas todas as súas prórrogas, que en aplicación do apartado segundo dese artigo, acorde o órgano de contratación, con respecto ás condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias que sexan aplicables ao ente contratante.

Segundo o disposto no apartado 7.3 do PCAP estes contratos poderán ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será

obligatoria para o adxudicatario, sempre que medie preaviso do servizo xestor, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. A aprobación da prórroga requerirá acordo expreso da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

O apartado 4.C das FEC prevé unha (1) prórroga de un (1) ano de duración e a cláusula catro do contrato dispón que o prazo do contrato será dun ano, contado a partir do día seguinte ao da sinatura do mesmo pola Concelleira delegada de Contratación, contemplándose unha prórroga dun ano de duración.

3. Desenvolvemento do contrato actual:

A empresa dispón de todos os medios necesarios tanto humanos como técnicos para o desenvolvemento do servizo, obxecto do contrato, e vén prestando o mesmo dun xeito satisfactorio, de acordo cos criterios marcados no Prego de Prescricións Técnicas.

Na situación actual, resulta necesario propoñer a primeira prórroga do contrato cara a garantir a prestación do servizo, tendo en conta a programación de eventos do Servizo de Festas.

4. Prezo anual do contrato:

O prezo total do contrato foi de 53.007,14 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 9.199,59 euros, para a primeira anualidade.

O apartado 4.C das FEC establece respecto ao prazo de execución:

- A) A) PRAZO INICIAL: un (1) ano
- B) B) PRAZOS PARCIAIS: non se establecen
- C) C) PRÓRROGA DO CONTRATO E, EN CASO AFIRMATIVO, DURACIÓN: prevese unha (1) prórroga dun (1) ano de duración.

	Total
Importe do contrato sen IVE	43.807,55 €
Importe prórroga 1	44.026,59 €
VALOR ESTIMADO	87.834,14 €

5. Financiamento do contrato:

O contrato financiarase con cargo a aplicación orzamentaria 3380.227.0600 “ESTUDIOS E TRABALLOS TECNICOS”, coa seguinte distribución por anualidades:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

ANUALIDADE	PARTIDA	IMPORTE
2025 (do 18.12.2025 ao 31.12.2025 inclusive)	3380.227.0600 "Estudios e Traballos Técnicos"	4.843,86 €
2026 (do 01.01.2026 ao 17.12.2026 inclusive)	3380.227.0600 "Estudios e Traballos Técnicos"	48.428,32 €

Posto que o prazo de execución do contrato remata o 17 de decembro de 2025 e constátase a necesidade de garantir o servizo, faise necesario tramitar esta primeira prórroga do expediente.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de servizos en anos anteriores e, polo tanto, encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.a) "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos".

Polo anteriormente exposto e, conforme establece o art. 127 LBRL e a D. A. 2ª do Real Decreto Legislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, propónse á Xunta de Goberno Local previo informe xurídico e fiscalización pola Intervención Xeral, a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- Autoriza-la primeira (1ª) prórroga** do expediente de "contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos programados polo Servizo de Festas (10307-335), por un período de un ano, comprendido entre o 18 de decembro de 2025 ata o 17 de decembro de 2026, ambos os dous incluídos, conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas na prescrición 7ª, a favor da entidade, *PREVENTECNIA INGENIERÍA Y AUTOPROTECCIÓN, SL (B56320823)*.
- Autorizar e comprometer o gasto** de 53.272,18 €, IVE incluído, que representa esta primeira prórroga anual a favor de *PREVENTECNIA INGENIERÍA Y AUTOPROTECCIÓN, SL (B56320823)* con cargo a aplicación orzamentaria 3380.227.0600 "ESTUDIOS E TRABALLOS TECNICOS", coa seguinte distribución por anualidades:

ANUALIDADE	PARTIDA	IMPORTE
2025 (do 18.12.2025 ao 31.12.2025 inclusive)	3380.227.0600 "Estudios e Traballos Técnicos"	4.843,86 €

2026 (do 01.01.2026 ao 17.12.2026 inclusive)	3380.227.0600 “Estudios e Traba- llos Técnicos”	48.428,32 €
--	--	-------------

3. Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra o mesmo poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (artigos 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e coincidentes da Lei 29/98).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(699).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE ASESORAMENTO, COORDINACIÓN E RESPONSABLE DOS CONTRATOS RELACIONADOS COA CABALGATA DE REIS E COORDINACIÓN DO ENTROIDO. EXPTE. 10462/335.

Visto o informe xurídico de data 05/09/2025 e o informe de fiscalización de data 08/09/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 13/08/2025, asinado pola xefa do Servizo de Festas e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

11.Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

12.Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións públicas (RLCAP).

13.Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

14.Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

15.Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

1. Antecedentes



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

I. A Xunta de Goberno Local, na sesión do 15 de novembro de 2024, acordou aprobar o procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento, coordinación e responsable dos contratos relacionados coa Cabalgata de Reis e coordinación do Entroido.

II. A Xunta de Goberno Local, na sesión do 20 de decembro de 2024, acordou: *“Adxudicar a EVENTOS CULTURAIS RETALLISTAS, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento, coordinación e responsable dos contratos relacionados coa Cabalgata de Reis e coordinación do Entroido (10318-335) por un prezo total do contrato de 3.535,62 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 613,62 euros e coa seguinte condición:*

a) A porcentaxe única de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP é do 5 %.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

III. Con data 20/12/2024, a Concelleira da Área de Goberno de Contratación asinou o contrato co representante da entidade mercantil *EVENTOS CULTURAIS RETALLISTAS, SL*, contemplándose catro prórrogas dun ano de duración.

IV. Consta aviso previo da 1ª prórroga, enviado o 04/08/2025 coa antelación mínima esixida, en cumprimento do artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, sendo a aplicación da devandita prórroga obrigatoria para o contratista. Esta notificación é recibida polo adxudicatario o 04/08/2025, infórmaselle que o Concello de Vigo inicia o procedemento para acordar a correspondente prórroga de UN ano (de 21 de decembro de 2025 ao 20 de decembro de 2026) do contrato do servizo de asesoramento, coordinación e responsable dos contratos relacionados coa Cabalgata de Reis e coordinación do Entroido (10318-335), conforme ao estipulado no devandito contrato.

2. Fundamentos de dereito

O artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, dispón no seu apartado segundo, que o contrato poderá prever unha o varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga apróbase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza con dous meses de antelación á finalización do prazo de execución do contrato.

No devandito artigo, no seu apartado cuarto, establécese que o prazo de duración nos contratos públicos de servizos será de 5 anos máximo, incluídas todas as súas prórrogas, que en aplicación do apartado segundo dese artigo, acorde o órgano de

contratación, con respecto ás condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias que sexan aplicables ao ente contratante.

Segundo o disposto no apartado 7.3 do PCAP estes contratos poderán ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie preaviso do servizo xestor, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. A aprobación da prórroga requerirá acordo expreso da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

O apartado 4.C das FEC prevé catro (4) prórrogas de un (1) ano de duración e a cláusula catro do contrato dispón que o prazo do contrato será dun ano, contado a partir do día seguinte ao da sinatura do mesmo pola Concelleira delegada de Contratación, contemplándose catro prórrogas dun ano de duración.

3. Desenvolvemento do contrato actual:

A empresa dispón de todos os medios necesarios tanto humanos como técnicos para o desenvolvemento do servizo, obxecto do contrato, e vén prestando o mesmo dun xeito satisfactorio, de acordo cos criterios marcados no Prego de Prescricións Técnicas.

Na situación actual, resulta necesario propoñer a primeira prórroga do contrato cara a garantir a prestación do servizo, tendo en conta a programación de eventos do Servizo de Festas.

4. Prezo anual do contrato:

O prezo total do contrato de 3.535,62 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 613,62 euros e coa seguinte condición:

a) A porcentaxe única de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP é do 5 %.

O apartado 4 das FEC establece respecto ao prazo de execución:

A) PRAZO INICIAL: 1 ano

B) PRAZOS PARCIAIS: non

C) PRÓRROGA DO CONTRATO E, EN CASO AFIRMATIVO, DURACIÓN: si, 4 prórrogas dun ano de duración cada unha

5. Financiamento do contrato:

O contrato financiarase con cargo a aplicación orzamentaria 3380.227.0600 "ESTUDIOS E TRABALLOS TECNICOS".



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

Posto que o prazo de execución do contrato remata o 20 de decembro de 2025 e constátase a necesidade de garantir o servizo, faise necesario tramitar esta primeira prórroga do expediente.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de servizos en anos anteriores e, polo tanto, encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.a) “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos”.

Polo anteriormente exposto e, conforme establece o art. 127 LBRL e a D. A. 2ª do Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, propónse á Xunta de Goberno Local previo informe xurídico e fiscalización pola Intervención Xeral, a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- 1. Autoriza-la primeira (1ª) prórroga** do expediente de “contratación do servizo de asesoramento, coordinación e responsable dos contratos relacionados coa Cabalgata de Reis e coordinación do Entroido (10318-335)”, por un período de un ano, comprendido entre o 21 de decembro de 2025 ata o 20 de decembro de 2026, ambos os dous incluídos, conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas na prescrición 7ª, a favor da entidade EVENTOS CULTURAIS RETALLISTAS, SL.
- 2. Autorizar e comprometer o gasto** de 3.535,62 €, IVE incluído, que representa esta primeira prórroga anual a favor de *EVENTOS CULTURAIS RETALLISTAS, SL* con cargo a aplicación orzamentaria 3380.227.0600 “ESTUDIOS E TRABALLOS TECNICOS”.
- 3.** Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra o mesmo poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (artigos 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e coincidentes da Lei 29/98).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(700).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL COA ENTIDADE VEGO SUPERMERCADOS, S.A. SOBRE O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN E CONCIENCIACIÓN SOCIAL EN RELACIÓN CO MEDIO AMBIENTE, DENTRO DO PROGRAMA CAMIÑO A CAMIÑO. EXPTE. 18861/306.

Visto o informe de fiscalización de data 04/09/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/09/2025, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Antecedentes

1.- A terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística o 13 de agosto de 2025, acordou inicialo procedemento administrativo para a realización dun convenio de colaboración empresarial entre o Concello de Vigo e a entidade Vego Supermercados, S.A.U. tendente ao desenvolvemento de actividades dentro do programa municipal “Camiño a Camiño” e outras colaboracións en materia de sensibilización ambiental.

2.- O xefe do Servizo de Medio Ambiente redacta memoria xustificativa sobre o convenio de colaboración, redacta unha proposta de convenio asinadas dixitalmente o 18 de agosto de 2025, e conformadas pola concelleira delegada de Medio Ambiente na mesma data.

3.- A representación legal da entidade Vego Supermercados, S.A.U. achega escrito (doc. 250235258, de data 02/09/2025) asinando electrónicamente no que manifesta a súa conformidade co proxecto de convenio. Tamén, remite certificacións de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa seguridade social e consta no servizo copia da escritura pública de apoderamento do representante legal da entidade que consta incorporada ó expte.

Fundamentos de dereito

O Concello de Vigo, ao abeiro do establecido no artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, nos termos da lexislación do Estado e das CC.AA., ten atribuído competencias no “medio ambiente urbano”, “residuos” e, tamén, na “ocupación do tempo de lecer”, fomento de hábitos de vida saudables.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

A Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística ten atribucións, por delegación de competencias do alcalde do 28 de xuño de 2024, (BOPPO 09/07/2024), en materia medioambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiental, tamén, o fomento de hábitos de vida saudables.

A protección do medio ambiente exerceuse non so a través dos procedementos e disciplina medioambiental, senón tamén a través de políticas de sensibilización, educación e concienciación da cidadanía en materia medioambiental.

As distintas leis sectoriais, tanto estatais como da C.A. de Galicia, recollen dentro dos seus principios inspiradores, a educación ambiental, a sensibilidade e concienciación da cidadanía polo respecto e protección do medio ambiente.

A Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia establece no seu artigo 2.e), como un dos principios inspiradores da Lei, o da promoción da educación ambiental e da concienciación cidadá, en tódolos sectores sociais, para una eficaz defensa dos valores ambientais, a fin de que, de acordo coa información obxectiva, completa e actual, poida participar a totalidade da poboación na defensa do seu medio ambiente.

Neste sentido, o Concello de Vigo a través da Concellería de Medio Ambiente ben realizando actividades de sensibilización e educación medioambiental nos últimos anos dentro do programa Camiño a Camiño e outros.

A Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira de Medio Ambiente, autorizou en sesión do 24 de xullo de 2025, o proxecto de organización e execución da actividade percorridos medioambientais de outono por contornas naturais singulares, dentro do programa camiño a camiño 2025, a desenvolver de setembro a outubro de 2025, segundo expte. 18802/306.

A execución das actividades obxecto do proxecto pretenden desenvolverse a través dun convenio de colaboración empresarial que prevé o artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenazgo. Este artigo establece que se entenderá por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral para os efectos previstos nesta Lei, aquel polo que as entidades a que se refire o artigo 16 (entre as que están as entidades locais) a cambio dunha axuda económica (pode ser en especie) para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas citadas actividades.

En cumprimento do apartado terceiro da parte resolutiva do dito acordo da Xunta de Goberno Local do 24 de xullo de 2025, no que se indica:

“(…)

Terceiro.- Publicar no Portal de Transparencia municipal o presente acordo e o proxecto de actividades aos efectos de que as entidades empresarias interesadas no prazo de sete días hábiles acheguen solicitude de colaboración nos termos previstos no artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, conforme o modelo que se inclúe como anexo.

“(…)”

procedeuse a publicación do acordo e do proxecto de actividades íntegro, no Portal de Transparencia e no Portal de Convocatarias do Concello de Vigo dende o 1 ata o 12/08/2025, ámbolos dous incluídos.

Durante o prazo indicado de sete días hábiles que rematou o 12/08/2025, foi presentada unicamente unha solicitude de colaboración empresarial en especie no “Proxecto de organización e execución da actividade percorridos medioambientais de outono por contornas naturais singulares, dentro do programa camiño a camiño 2025”, da entidade Vego Supermercados, S.A., executando directamente a totalidade das actividades proxectadas e o seu transporte cuxo importe total destas actividades ascende a 22.536,25€, IVE engadido, (doc. 250218141, de data 08/08/2025).

A terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística o 13 de agosto de 2025, acordou inicialo procedemento administrativo para a realización dun convenio de colaboración empresarial e redactouse a correspondente memoria xustificativa e proposta de convenio ao abeiro do artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro.

En virtude do convenio, a referida entidade pretende colaborar co Concello de Vigo:

No programa municipal Camiño a Camiño asumindo a contratación e custe do monitorado, organización e transporte de percorridos das cinco rutas por Galicia, que se realizarán os días 28 de setembro e 5, 12, 19 e 26 de outubro de 2025; previstas no proxecto de organización e execución da actividade percorridos medioambientais de outono por contornas naturais singulares, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do 24 de xullo de 2025, segundo expte. 18802/306, ata un importe máximo de 22.536,25 euros (IVE engadido), en colaboración co Concello de Vigo. Vego Supermercados, S.A.U. contratará e pagará directamente os servizos de monitorizaxe, organización e transporte das referidas actividades ata o importe citado.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

Na difusión, a iniciativa do Concello de Vigo, nas tendas de Vego Supermercados, S.A.U en Vigo de material promocional e de apoio do programa Camiño a Camiño.

Na xestión de residuos e reciclado dos consumidores.

Pola súa banda, o Concello obrigárase a incluír o logotipo e nome da entidade mercantil nas accións divulgativas das actividades do programa “Camiño a Camiño” que desenvolva, tamén, en folletos ou calquera outra información de difusión pública do programa.

O presente convenio constitúe un convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral de fomento de actividades de sensibilización e educación ambiental cara a protección do medio ambiente, segundo o artigo 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro en virtude do cal o Concello de Vigo a cambio dunha axuda económica, neste caso en especie que consiste na execución directa das actividades de interese xeral municipal, se compromete por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador en ditas actividades.

O obxecto deste convenio está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), ao abeiro do establecido nos artigos 4 e 6.2. e habida conta que o Concello de Vigo non efectúa ningunha disposición dineraria en favor da referida entidade mercantil conveniente, tampouco cabe suxeitar este á lexislación de subvencións (artigo 2.1. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións “a sensu contrario”).

O convenio de que se trata é un convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral que prevé o artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenazgo, ten natureza administrativa e encádrase dos que, con carácter xeral, ao abeiro dos artigos 47.2.c) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 5 e 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), en relación cos artigos 111 do Rdl 781/1986, de 2 de abril, 6.2. e 34 da LCSP, poden realizar as Administracións Públicas con persoas xurídico privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados, no presente caso a protección do medio ambiente.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persigue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido.

Pola súa banda, consta no expediente a documentación legalmente esixida e o esquema do convenio axústase ao establecido na base 40^a.4. das de execución do

vixente orzamento municipal e artigos 47 a 52 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O convenio non implica gastos para o Concello.

É competente para a aprobación do convenio a Xunta de Goberno Local habida conta das competencias que ten atribuídas ao abeiro do establecido no artigo 127.1. da LRBRL en relación co artigos 4 e 6.2. e Disposición adicional segunda da LCSP.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar a proposta de convenio de colaboración empresarial entre o Concello de Vigo e a entidade mercantil Vego Supermercados, S.A.U., CIF A36651313, para o desenvolvemento de actividades de sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, especialmente urbano, ocupación do tempo de lecer e fomento de hábitos de vida saudables en actividade medioambientais conforme aos informes e documentación obrante no expediente número 18861/306 e co texto que de seguido se indica.

*“CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL ENTRE O CONCELLO DE VIGO
E A ENTIDADE “VEGO SUPERMERCADOS, S.A.U. (GRUPO VEGALSA-EROSKI)
EN ACTIVIDADES DE INTERESE XERAL”*

En Vigo, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

*Dunha parte, o Excmo. **Sr. D. Abel Caballero Álvarez**, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo.*

*E doutra, **D. José Manuel Ferreiro Sánchez**, director xeral da entidade mercantil Vego Supermercados, S.A.U. (pertencente ó grupo empresarial VEGALSA-EROSKI), con CIF A-36651313, e domicilio Social en rúa Gambrinus nº 11, 15008-La Coruña, na representación desta, segundo resulta da Escritura de Poder realizada ante o Notario de Vigo, Don Fernando Olmedo Castañeda, en data 8 de febreiro de 2024, co número 351 do seu Protocolo.*

Tendo, daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

1. O artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “medio ambiente urbano” e, tamén, “ocupación do tempo de lecer”.

A Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística ten atribucións, por delegación de competencias do alcalde do 28 de xuño de 2024, (BOPPO 09/07/2024), en materia medioambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiental, tamén, o fomento de hábitos de vida saudables.

Neste sentido, o Concello de Vigo: a través da Concellería de Medio Ambiente ben realizando actividades de interese xeral de sensibilización e educación medioambiental nos últimos anos dentro do programa “camiño a camiño” e outros.

Estas actividades medioambientais tentan achegar a cidadanía á natureza, aos recursos naturais, á flora e fauna existentes na nosa contorna, fomentando hábitos de vida saudables, sustentables, ocupación do tempo de lecer, mediante camiñatas, accións formativas dando a coñecer a natureza de Vigo, a comarca e Galicia enteira, na que participan anualmente un elevado número de veciños e que, en definitiva, pretende fomentar a sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, especialmente urbano.

A promoción de boas prácticas cidadás relativas á xestión sustentable dos residuos, a reciclaxe, a eficiencia enerxética e outros que contribúen á utilización responsable dos recursos dispoñibles.

A Xunta de Goberno Local, a proposta da concellería de Medio Ambiente, autorizou en sesión do 24 de xullo de 2025, o proxecto de organización e execución da actividade percorridos medioambientais de outono por contornas naturais singulares, dentro do programa camiño a camiño 2025, a desenvolver de setembro a outubro de 2025, segundo expte. 18802/306.

2. Que Vego Supermercados, S.A.U. é unha compañía galega de distribución alimentaria pertencente ó grupo empresarial VEGALSA-EROSKI, con presenza en todo o territorio galego, mediante 240 supermercados, 9 plataformas de distribución e redistribución de mercadorías; frota de camións e unha Escola da Distribución Alimentaria; ten máis do 20% da cota do sector en Galicia, emprega a 4.500 traballadores, sendo a sexta empresa do país pola súa facturación; ten entre os seus valores o respecto ao medio ambiente e o desenvolvemento de políticas de sustentabilidade.

3. Que a compañía, fundada en Vigo por Ventura González Prieto, mantén na rúa Ventura González Prieto, unha Plataforma de distribución, con Vego Supermercados, S.A.U e outras empresas do grupo. Dispón de 500 traballadores en persoal en Vigo, con vinte tendas, oficinas centrais e unha plataforma loxística.

4. Que entre as súas actuacións desenvolve o proxecto “Desenvolvemento Sustentable. Residuo Cero” que valorou o conxunto de actividades e melloras ambientais posto en marcha pola compañía e do cal se expón o “proxecto Tenda Sustentable”. Desenvolve ademais unha campaña anual de sensibilización ambiental dirixida aos seus clientes e á sociedade galega, centrada nos máis pequenos coa lema “Dálle cor á natureza”. Igualmente realiza unha actuación anual de “Plantación de Árbores” na que implica aos seus traballadores, como compensación do CO2 emitido pola súa frota de camións e o conxunto da súa actividade.

O proxecto “Tenda Sustentable” recolle as propostas e investimentos do Grupo VEGALSA-EROSKI no medio ambiente e sustentabilidade, así como un conxunto de accións concretas de eficiencia enerxética e de plans de xestión de residuos, reciclado, aforro de auga, control de emisións, procesos loxísticos e medio ambiente, etc., a implantar tanto nas tendas das distintas insignias como nos sistemas centrais de xestión da compañía, nas plataformas de distribución e na frota de vehículos.

5.- Que a finalidade do convenio é acadar a colaboración da empresa Vego Supermercados, S.A.U., co Concello de Vigo no fomento de actividades de sensibilización e educación ambiental cara a protección do medio ambiente, todas elas de interese xeral, nos termos do artigo 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

6.- Que o presente convenio constitúe un convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral de fomento de actividades de sensibilización e educación ambiental cara a protección do medio ambiente, segundo o artigo 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro en virtude do cal o Concello de Vigo, a cambio dunha axuda económica en especie, execución directa das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador en ditas actividades

Ámbalas partes consideran a conveniencia de establecer este convenio de colaboración e

ESTIPULAN

PRIMEIRO.- Que a entidade Vego Supermercados, S.A.U. comprométese a colaborar, no que lle fose posible, co Concello de Vigo: Concellería de Medio Ambiente, no marco dos seus programas de sensibilización e educación ambiental e, en particular, a:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

- Colaborar no programa municipal Camiño a Camiño asumindo a contratación e custe do monitorado, organización e transporte de percorridos das cinco rutas por Galicia, que se realizaran os días 28 de setembro e 5, 12, 19 e 26 de outubro de 2025; previstas no proxecto de organización e execución da actividade percorridos medioambientais de outono por contornas naturais singulares, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do 24 de xullo de 2025, segundo expte. 18802/306, ata un importe máximo de 22.536,25 euros (IVE engadido), en colaboración co Concello de Vigo. Vego Supermercados, S.A.U. contratará e pagará directamente os servizos de organización, monitorizaxe e transporte das referidas actividades ata o importe citado, sempre e cando a entidade que realice as citadas actividades se obrigue a realizalas e as realice nos mesmos termos contemplados no proxecto aprobado, emita a correspondente factura en forma, e se encontre habilitada e ó corrente das súas obrigas legais de todo tipo, que eximan ou releven a Vego Supermercados, S.A.U. de calquera responsabilidade derivada daquelas (obrigas tributarias, de persoal, de riscos laborais, seguro de responsabilidade civil, etc..). Noutro caso, ditas actividades substituiránse por outras proxectadas que si reúnan ditas características.

- Difundir, a iniciativa do Concello de Vigo, nas tendas de Vego Supermercados, S.A.U en Vigo material promocional e de apoio do programa Camiño a Camiño, o cal lle será proporcionado de forma totalmente gratuíta polo Concello de Vigo ós devanditos efectos.

- Colaborar cos medios que lle fose posible na xestión de residuos e reciclado dos consumidores.

- Calquera outra actuación que ámbalas dúas partes acorden en referencia ao medio ambiente e desenvolvemento sustentable.

SEGUNDO.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Incluír o logotipo e nome (razón social ou denominacións comerciais, segundo proceda) da entidade mercantil nas accións divulgativas das actividades do programa camiño a camiño que desenvolva, incluíndo expresamente a súa referencia en folletos e calquera outra información de difusión pública do programa.

Non se consideran accións divulgativas a información do programa na páxina web do Concello de Vigo.

O Concello de Vigo emitirá o xustificante fiscal que resulte oportuno polo importe obxecto da achega económica pactada na anterior estipulación.

O Concello de Vigo será responsable integramente dos contidos dos devanditos programas e accións divulgativas, toda vez que é o creador destes.

TERCEIRO.- Tódalas accións de difusión do programa “camiño a camiño” e demais campañas de sensibilización ambiental derivadas deste convenio, deberán partir do Concello de Vigo e de conformidade coas súas instrucións, quedando expresamente prohibido á entidade mercantil conveniente realizar as devanditas actividades divulgativas sen expresa autorización do Concello de Vigo.

CUARTO.- O presente convenio terá vixencia de un ano a partir da data da súa sinatura e non poderá prorrogarse.

En todo caso, se á citada data, se encontrase en proceso algunha das accións ou campañas de colaboración derivadas do presente convenio, manteranse os dereitos e obrigas de ambas partes derivados do Convenio ata a finalización desta, conforme ó prazo ou datas de duración establecidas polo Concello de Vigo.

QUINTO. - Para o seguimento e control do cumprimento do convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constituirase unha Comisión de Coordinación da que formen parte dous representante da mercantil Vego Supermercados, S.A.U., a concelleira delegada de Medio Ambiente que actuará como presidenta e un técnico municipal deste servizo.

Esta comisión reunirase no prazo de cinco días a contar da petición expresa realizada por calquera das partes, no Concello de Vigo.

SEXTO.- Conforme ao establecido na normativa sobre transparencia, acceso á información pública e bo goberno, o presente convenio será publicado na web do Concello de Vigo.

SÉPTIMO.- A mercantil Vego Supermercados, S.A.U. está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais. Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, de 27 de abril de 2016, e na Lei orgánica 3/2018, de 5 do decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo: Concellería de Medio Ambiente e Vida Saudable.

A referida entidade poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo: Concellería de Medio Ambiente.

O Concello de Vigo reconece expresamente que a mesma información lle foi facilitada por Vego Supermercados, S.A.U. en relación ós datos de carácter persoal contidos no presente documento, que serán asimesmo incorporados ós ficheiros correspondentes daquela e tratados ós fins derivados do Convenio, podendo exercitar o Concello de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

Vigo os dereitos de acceso, rectificación oposición e cancelación ante a entidade Vego Supermercados, S.A.U. no seu domicilio social.

OITAVO.- O presente convenio encádrase dentro dos convenios de colaboración empresarial en actividades de interese xeral que prevé o artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenazgo, ten natureza administrativa e non se considera un contrato administrativo ó abeiro do establecido nos artigos 4 e 6.2. da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; rexerase pola súa normativa específica, aplicándose os principios da lei de contratos para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, polos pactos que se conteñen neste convenio, as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais, os artigos 47 a 52 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. No suposto de diverxencias na interpretación e execución deste, será a orde xurisdiccional contencioso-administrativa a competente para a súa resolución.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan electronicamente este convenio no lugar e data indicada no seu encabezamento.

POLO CONCELLO DE VIGO,
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez

POR VEGO SUPERMERCADOS, S.A.U.,
O DIRECTOR XERAL,
José Manuel Ferreño Sánchez

DOU FE,
A secretaria^{ma}

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(701).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA ORDE DO 20 DE DECEMBRO DE 2024 , POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA ACTUACIÓNS ENCAMIÑADAS Á PROTECCIÓN DOS ANIMAIS DOMÉSTICOS DE COMPAÑÍA ABANDONADOS EN GALICIA E SE CONVOCAN AXUDAS PARA O ANO 2025, DESTINADAS A ENTIDADES LOCAIS. EXPTE. 18891/306.

Visto informe de fiscalización de data 09/09/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 08/09/2025 , asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente,

Sanidade e Consumo e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- Antecedentes:

A Orde do 20 de decembro de 2024, da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia (DOG 21/01/2025) establece as bases reguladoras das axudas, en réxime de concorrência competitiva, para actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia e se convocan axudas para o ano 2025, destinadas ás entidades locais (código de procedemento MT811A).

A terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística o 03/09/2025 ditou orde de inicio de procedemento administrativo para solicitar á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia a subvención no marco da convocatoria regulada pola citada "orde do 20 de decembro de 2024 (DOG 21/01/2025).

O Tesoureiro e Director Superior Contable e Orzamentación emitiu informe asinado o 04/09/2025 sobre ter rendida a conta xeral do Concello de Vigo de 2023 ao Consello de Contas de Galicia nos prazos legalmente establecidos.

A entidade Servicios Gallegos de Lacería, S.L., (SERVIGAL), prestadora dos servizos de recollida de animais extraviados ou abandonados, atención do Centro Municipal de Protección Animal da Madroa (CMPA), xestión de colonias felinas, en virtude de contrato administración de servizos núm. 16565/306, achegou os Anexos II-A, II-B, III-A, III-B da Orde debidamente cumprimentos e asinados sobre relación de animais da especie canina e felina recollidos que foron obxecto de acto clínico veterinario de esterilización cirúrxica, de acto clínico veterinario de identificación, de manutención de alimentos, de medidas profilácticas, no período 1 de setembro de 2024 a 31 de agosto de 2025.

II.- Características da subvención:

Obxecto da subvención (artigo 1): subvencións, en réxime de concorrência competitiva, para actuacións que realicen as entidades locais encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia, relativas á atención e coidado dos animais domésticos de compañía que se atopen nos centros de recollida autorizados e/ou formen parte de colonias felinas reguladas na Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, así como na Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais.

Gastos subvencionables (artigo 2 e art. 3): Serán actuacións subvencionables aquelas destinadas á atención e coidado dos animais domésticos de compañía que estean nos centros de recollida autorizados e/ou formen parte de colonias felinas reguladas no artigo 26 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, efectivamente realizados no período comprendido entre o 1 de setembro de 2024 e o 31 de agosto de 2025, relativas:

a) Aos gastos derivados do acto clínico para a esterilización cirúrxica dos animais coa dobre finalidade de evitar a súa reprodución incontrolada e a promoción da súa adopción.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

b) Aos gastos derivados do acto clínico para a identificación animal mediante a implantación de microchip, correspondente inscrición no Regiac e expedición de pasaporte sanitario, de acordo co recollido na Lei 4/2017, do 3 de outubro, e na Lei 7/2023, do 28 de marzo.

c) Aos gastos derivados da manutención dos animais derivados da compra de alimento comercial seco e/ou húmido específico, coa finalidade de acadar un estado nutricional óptimo.

d) Aos gastos derivados da aplicación das medidas profilácticas necesarias para garantir o bo estado físico e sanitario do animal e a prevención de enfermidades infectocontaxiosas, relativos á vacinación preventiva e á desparasitación externa e interna dos animais.

Contía máxima da subvención (artigo 6): a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático poderá subvencionar as actuacións recollidas no artigo 2 nas seguintes contías máximas:

“a) Gastos derivados do acto clínico veterinario da esterilización cirúrxica:

1º. Animais esterilizados da especie canina: ata un máximo de 50 €/animal.

2º. Animais esterilizados da especie felina: ata un máximo de 30 €/animal.

b) Gastos derivados do acto clínico veterinario para a identificación animal: ata un máximo de 20 €/animal identificado.

c) Gastos derivados da manutención dos animais derivados da compra de alimento comercial seco e/ou húmido específico:

1º. Animais da especie canina: ata un máximo de 20 €/animal.

2º. Animais da especie felina: ata un máximo de 15 €/animal.

d) Gastos derivados da aplicación de medidas profilácticas: ata un máximo de 30 €/animal recollido nun centro autorizado ou nunha colonia felina das reguladas na Lei 4/2017, do 3 de outubro, e na Lei 7/2023, do 28 de marzo.

2.- No caso de superación das dispoñibilidades orzamentarias, poderán axustarse as contías pro rata entre todas as entidades beneficiarias. O réxime de rateo farase atendendo á puntuación obtida no proceso de valoración”.

Entidades Beneficiarias (artigo 4): entidades locais galegas que cumpran os seguintes requisitos:

Entidades locais que no seu ámbito territorial correspondente presten o servizo de recollida e acollemento de animais e/ou a xestión de colonias felinas por si mesmas ou asociadas, en réxime de xestión directa ou indirecta mediante a súa contratación con empresas privadas autorizadas para ese fin.

Ter remitida a conta xeral da entidade local, correspondente ao exercicio orzamentario ao Consello de Contas.

Forma e prazo de presentación de solicitudes (art. 8 e art. 13): Por medios electrónicos a través de formulario normalizado. O prazo de presentación das solicitudes será desde o día seguinte ao de publicación da orde no Diario Oficial de Galicia (21/01/2025) ata o 12 de setembro de 2025.

Documentación (art 8 e art. 10): A solicitude da subvención precisa, entre outra documentación, conforme ó artigo 8 da citada Orde de 20 de decembro de 2024:

“3. A solicitude da axuda, segundo o anexo I desta orde (procedemento MT811A), inclúe as seguintes declaracións da entidade solicitante:

a) Declaración do total das solicitudes de axudas solicitadas ou concedidas, para o mesmo fin, das distintas administracións públicas.

b) Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

c) Declaración da conta para a transferencia bancaria.

d) Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nin en ningunha das situacións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

e) Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendentes de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

f) Declaración responsable de non ter sancións firmes en vía administrativa pendentes de pagamento por infraccións tipificadas na Lei 4/2017, do 3 de outubro, na Lei 7/2023, do 28 de marzo, ou na Lei 50/1999, do 23 de decembro.

g) Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

i) Declaración responsable de que a recollida de animais abandonados no ámbito territorial da entidade local se realiza ben de maneira directa ou ben mediante a contratación con empresas privadas autorizadas para ese fin (xestión indirecta)”.

“Artigo 10. Documentación complementaria

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

a) *Acreditación da persoa representante que asine a solicitude, por calquera dos medios sinalados no artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e do artigo 32 do Real decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.*

b) *Documentación que acredite a remisión das contas ao Consello de Contas pola entidade.*

c) *Acreditación fidedigna da relación entre a corporación local e a entidade que presta o servizo de recollida e tenza de animais abandonados e a súa duración, no suposto daquelas entidades*

loais que desenvolvan o servizo de recollida mediante xestión indirecta.

En caso de que a entidade local teña delegadas a súas competencias en materia de recollida, deberá achegarse a documentación que acredite tal delegación.

d) *Certificado da entidade xestora do centro de recollida autorizado, segundo o modelo do anexo II-A desta orde, que inclúa os seguintes aspectos:*

1º. Número de animais da especie canina que foron recollidos, por concello, no período comprendido entre o 1 de setembro de 2024 e o 31 de agosto de 2025.

2º. Número de animais da especie felina que foron recollidos, por concello, no período comprendido entre o 1 de setembro de 2024 e o 31 de agosto de 2025.

3º. Relación de fogares de acollida actualizada polos concellos e centros de recollida, segundo o disposto na Lei 4/2017, do 3 de outubro, se dispoñen de fogares de acollemento temporal de animais domésticos.

e) *Certificado do persoal facultativo veterinario, segundo o modelo do anexo III-A, que preste os seus servizos para o centro de recollida, que deberá incluír a relación de animais con indicación da especie e número de microchip, no período comprendido entre o 1 de setembro de 2024 e o 31 de agosto de 2025, por concello, aos cales:*

1º. Se lles practicou unha esterilización cirúrxica.

2º. Se lles implantou o microchip para a identificación, realizou a inscrición no Regiac e expediu o correspondente pasaporte sanitario.

f) *Certificado da entidade xestora da colonia felina, segundo o modelo do anexo II-B desta orde, que inclúa os seguintes aspectos:*

1º. Relación de colonias felinas, legalmente establecidas de acordo co estipulado na Lei 4/2017, do 3 de outubro, e na Lei 7/2023, do 28 de marzo, por concello, no período comprendido entre o 1 de setembro de 2024 e o 31 de agosto de 2025, indicando a localización de cada unha delas e a identificación da colonia.

2º. Número de animais da especie felina que forman parte de cada unha das colonias felinas, no período comprendido entre o 1 de setembro de 2024 e o 31 de agosto de 2025, por concello.

g) *Certificado do persoal facultativo veterinario, segundo o modelo do anexo III-B, que preste os seus servizos para a entidade xestora da colonia felina, que deberá incluír os seguintes aspectos:*

1º. Relación de animais da especie felina con indicación da colonia felina a que pertencen, tipo de marcaxe e/ou identificación realizada, no período comprendido entre o 1 de setembro de 2024 e o 31 de agosto de 2025, por concello, aos cales:

i. Se lles practicou unha esterilización cirúrxica.

ii. Se lles implantou o microchip para a identificación, realizou a inscrición no Regiac e expediu o correspondente pasaporte sanitario.

(...)”.

Forma de xustificación e pagamento da actividade: Na forma sinalada no artigo 21 e 22 da Orde.

O prazo máximo para presentar a documentación xustificativa da subvención será o 17 de novembro de 2025.

Financiamento (artigo 23): as axudas concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 06.04.541B.460.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

III.- Xustificación da petición do servizo subvencionable.

A Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, atribúe ás persoas titulares das alcaldías dos concellos de Galicia a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei en cadanseu termo municipal; a obriga dos concellos de recoller os animais domésticos vagabundos e extraviados que deambulen polo seu termo municipal e albergaranos en centros de recollida de animais abandonados inscritos no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos e de xestionar as colonias felinas da cidade, entre outras (Artigos 6,22, 26 da citada Lei).

En termos semellante establece estas obrigas a Lei estatal 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais.

A prestación destes servizos municipais realízase no Concello de Vigo pola entidade Servicios Gallegos de Lacería, S.L., (SERVIGAL), CIF B15643240, en virtude de contrato administrativo de servizos.

Neste sentido, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión do 12 de xullo de 2024, adxudicou á entidade Servicios Gallegos de Lacería, S.L., (SERVIGAL), CIF B15643240, polo procedemento aberto e trámite ordinario, o contrato administrativo de servizo co núm. expte. 16565/306 para a “*prestación do servizo de recollida de animais extraviados e abandonados, atención do centro municipal de recollida de animais abandonados (CMPA), xestión de colonias felinas, reses mostrencas e outros animais competencia municipal*” por un prezo total do contrato de 2.109.691,63 € euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 366.144,83 € euros. O contrato formalizouse en documento administrativo o 06/08/2024, tendo unha duración de tres anos con posibilidade de dúas prórrogas anuais, e comezou a súa



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

execución o 01/09/2024 segundo sinala o contrato formalizado, que se incorporou a este procedemento.

A entidade Servicios Gallegos de Lacería, S.L., (SERVIGAL), prestadora do servizo, remitiu a seguinte documentación:

1.- Certificación conforme ó Anexo II-A da orde no que sinala:

- O número de animais da especie canina que foron recollidos no Centro Municipal de Recollida de Animais Abandonados da Madroa, inscrito no REGANUZ co código 36/057/0077/CR, no período comprendido entre o 1 de setembro de 2024 e o 31 de agosto de 2025, foi de 420 dos cales 310 foron recuperados polos seus propietarios.

- O número de animais da especie felina que foron recollidos no Centro Municipal de Recollida de Animais Abandonados da Madroa, inscrito no REGANUZ co código 36/057/0077/CR, no período comprendido entre o 1 de setembro de 2024 e o 31 de agosto de 2025, foi de 262 dos cales 21 foron recuperados polos seus propietarios.

2.- Certificación conforme ó Anexo II-B da orde no que sinala:

- Relación de colonias felinas legalmente establecidas entre no período comprendido entre o 1 de setembro de 2024 e o 31 de agosto de 2025: 21 colonias.

- Relación de animais presentes das colonias felinas no período comprendido entre o 1 de setembro de 2024 e o 31 de agosto de 2025: a 1/09/2024 un total de 3.281 animais e a 31/08/2025 un total de 3.254 animais.

3.- Certificación do persoal facultativo responsable conforme ó Anexo III-A da orde no que sinala:

- O número de animais do Centro Municipal de Recollida de Animais Abandonados da Madroa, inscrito no REGANUZ co código 36/057/0077/CR, que foron esterilizados cirurxicamente no período comprendido entre o 1 de setembro de 2024 e o 31 de agosto de 2025, foi de 113 da especie canina e 44 da especie felina.

- O número de animais do Centro Municipal de Recollida de Animais Abandonados da Madroa, inscrito no REGANUZ co código 36/057/0077/CR, que foron obxecto de identificación (implantación, microchip, Regiac, pasaporte) no período comprendido entre o 1 de setembro de 2024 e o 31 de agosto de 2025, foi de 192 da especie canina e 143 da especie felina.

- Relación detallada de animais do Centro Municipal de Recollida de Animais Abandonados da Madroa, inscrito no REGANUZ co código 36/057/0077/CR, que foron obxecto de servizos veterinarios de esterilización e/ou identificación (implantación, microchip, Regiac, pasaporte). Según listados incorporado Anexo III-A.

4.- Certificación do persoal facultativo responsable conforme ó Anexo III-B da orde no que sinala:

S.ord. 12/09/2025.

- Relación detallada de animais de colonias felinas que foron obxecto de servizos veterinarios de esterilización e/ou identificación (implantación, microchip, Regiac, pasaporte): 649 animais esterilizados e 657 animais identificados.

Tendo en conta esta documentación, os actos subvencionables cuantificaríanse do seguinte xeito:

a).- Acto clínico veterinario da esterilización cirúrxica:

1.- Animais esterilizados da especie canina: 113 animais

2.- Animais esterilizados da especie felina:

. Do CMPA da Madroa: 44 animais.

. De colinias felinas: 649 animais.

b) Acto clínico veterinario para a identificación animais:

. Do CMPA da Madroa:(192 caninos+143 felinos) 335 animais.

. De colinias felinas: 657 animais.

c).- Manutención dos animais derivados da compra de alimentos comercial seco e/ou húmido específico:

1.- Animais da especie canina: 420 animais.

2.- Animais da especie felina: 262 animais.

d).- Aplicación de medidas profilácticas:

. No CMPA a animais do centro deparazitados e vacinados:(420 caninos+262 felinos) 682 animais.

. No CMPA animais felinos de colonias deparazitados: 657 animais.

(foron, tamén, obxecto esterilización/identificación como se indicou):

IV.- Contía da subvención.

Segundo a relación de accións subvencionables realizadas pola entidade prestadora dos servizos para o Concello de Vigo que se reflicte no apartado III anterior e aplicando as contías máximas das achegas que se reflicten no artigo 6 da Orde, a axuda podería acadar un importe máximo de 98.780 euros, segundo o seguinte desglose:

a).- Gastos derivados do acto clínico veterinario da esterilización cirúrxica:

1.- Animais esterilizados da especie canina:

. 113 animais x 50€/animal: 5.650 euros.

2.- Animais esterilizados da especie felina:

. Do CMPA da Madroa: 44 animais x 30€ animal: 1.320 euros.

. De colinias felinas: 649 animais x 30€ animal: 19.470 euros.

b) Gastos derivados do acto clínico veterinario para a identificación animal:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

. Do CMPA da Madroa:(192 caninos+143 felinos) 335 animais x 20 €/a.: 6.700 euros.

. De colinias felinas: 657 animais x 20€ animal: 13.140 euros.

c).- Gastos derivados da manutención dos animais derivados da compra de alimentos comercial seco e/ou húmido específico:

1.- Animais da especie canina:

. 420 animais x 20 €/animal: 8.400 euros.

2.- Animais da especie felina:

. 262 animais x 15 €/animal: 3.930 euros.

d).- Gastos derivados de aplicación de medidas profilácticas:

. No CMPA animais do centro deparazitados e vacinados:(420 caninos + 262 felinos) 682 animais x 30€ animal: 20.460 euros.

. No CMPA animais felinos de colonia deparazitados (esterilización/identificación): 657 animais x 30€ animal: 19.710 euros.

V.- Financiamento das actuacións

Como antes se indicou as actuacións obxecto de subvencións, corresponden a servizos obrigatorios que debe prestar a administración municipal ao abeiro da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, así como da Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais. Por tanto, trátase de gastos correntes, incluídos nos orzamentos municipais, que xa se veñen executando.

En concreto, os gastos destas actuacións subvencionables encadraríanse dentro dos que son obxecto do contrato administrativo de servizos adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión do 12 de xullo de 2024, á entidade Servicios Gallegos de Lacería, S.L., (SERVIGAL), CIF B15643240, polo procedemento aberto e trámite ordinario, o contrato administrativo de servizo co núm. expte. 16565/306 para a "*prestación do servizo de recollida de animais extraviados e abandonados, atención do centro municipal de recollida de animais abandonados (CMPA), xestión de colonias felinas, reses mostrencas e outros animais competencia municipal*" por un prezo total do contrato de 2.109.691,63 € euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 366.144,83 € euros. O contrato formalizouse en documento administrativo o 06/08/2024, tendo unha duración de tres anos con posibilidade de dúas prórrogas anuais, e comezou a súa execución o 01/09/2024 segundo sinala o contrato formalizado, que se incorporou a este procedemento.

No dito expediente de contratación (expte.16565/306) e nos de pagamento de facturas relacionados con este constan polos servizos realizados a dita entidade en execución do contrato e que ascende a 288.832,52 euros para o período 1/09/2024 a 31/12/2024 e de 457.665,04 euros para o período 01/01/2025 ata 31/08/2025, con cargo á partida orzamentaria 1721.227.99.07 "Prestación Servizos na Caneira Municipal".

En todo caso, o artigo 21.1.2.c) da Orde que establecen as base reguladoras da achega sinala que é a entidade prestadora do servizo, neste caso Servigal, S.L., é a que ten que achegar as facturas e xustificantes de pagos polos servizos subvencionados realizados.

VI.- Fundamento xurídicos:

As accións subvencionables encadraríanse dentro das competencias da Administración municipal e considérase xustificado o seu interese xeral toda vez que:

En relación aos artigos 2.1 e 25 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, establece como obrigas municipais:

- “Artigo 6. Competencias das administracións en materia de protección animal

1. Atribúese ás persoas titulares das alcaldías dos concellos de Galicia a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei en cadanseu termo municipal. (...).”

- “Artigo 22. Recollida e acollemento dos animais vagabundos e extraviados

1. Os concellos recollerán os animais domésticos vagabundos e extraviados que deambulen polo seu termo municipal e albergaranos en centros de recollida de animais abandonados inscritos no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos ata que sexan retirados polos seus propietarios ou propietarias, sexan acollidos temporalmente ou adoptados, ou ben se lles dea outro destino autorizado segundo os supostos establecidos nesta lei.

2. Os concellos poderán prestar o servizo de recollida e acollemento por si mesmos ou asociados, en réxime de xestión directa ou indirecta. Así mesmo, poderán subscribir convenios de colaboración nesta materia con outras administracións públicas e entidades, como as asociacións de protección e defensa dos animais.

3. Os concellos poderán recoller e acoller animais por solicitude das persoas propietarias deles, logo da xustificación por parte destas da imposibilidade da asunción das obrigas derivadas desta lei. (...).”

- “Artigo 26. Colonias felinas

1. Os concellos poderán establecer, conforme ás condicións e os requisitos que se determinen regulamentariamente, lugares destinados a colonias felinas controladas, como un posible destino das comunidades de gatos sen propietario ou propietaria que vivan na rúa, sempre que as condicións do contorno o permitan, co fin da súa protección e control poboacional.

2. Os gatos integrantes destas colonias deberán ser capturados para a súa marcaxe, esterilización e control sanitario. A identificación realizarase a nome do concello, ao que lle compete a vixilancia e o control sanitario destas poboacións.”



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

A Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais, establece:

- *“Artículo 22. Recogida y atención de animales.*

1. Corresponderá a los ayuntamientos la recogida de animales extraviados y abandonados y su alojamiento en un centro de protección animal. Para ello deberán contar con un servicio de urgencia para la recogida y atención veterinaria de estos animales, disponible las veinticuatro horas del día. Esta gestión podrá realizarse directamente por los servicios municipales competentes o por entidades privadas, sin perjuicio de que, siempre que sea posible, se realice en colaboración con entidades de protección animal.

En los términos que establezca la legislación autonómica, podrá derivarse esta responsabilidad a las agrupaciones de municipios, o, en su caso, a las diputaciones provinciales y forales, cabildos y consejos insulares o a las comunidades autónomas y ciudades de Ceuta y Melilla.

2. Para llevar a cabo esta gestión y cuidados, los municipios deberán de contar con un servicio propio, mancomunado o concertado, en los términos establecidos en el artículo 23.

3. Las poblaciones que no dispongan de medios propios para ejercer su competencia para la recogida y el mantenimiento de los animales podrán suscribir convenios de colaboración con centros mancomunados, pertenecientes a otras administraciones o contratados, que cumplirán las condiciones mínimas reguladas en la presente ley. En este caso se dispondrá de una instalación temporal municipal para albergar a los animales hasta su recogida por el servicio correspondiente, que reúna los requisitos de espacio, seguridad y condiciones para el bienestar de los animales alojados temporalmente.

4. En ausencia de otra previsión en la legislación autonómica, corresponde a la Administración local y, subsidiariamente, a la autonómica la gestión y cuidados de los animales desamparados o cuyos titulares no puedan atenderlos debido a situaciones de vulnerabilidad, sin perjuicio de que puedan contar con la colaboración de entidades de protección animal debidamente registradas.

5. Las entidades locales antepondrán el control poblacional no letal de la fauna urbana en sus planes de actuación en materia de protección animal garantizando los derechos de los animales.”

- *“Colonias felinas:*

Artículo 38. Principios generales.

1. Las normas contenidas en el presente capítulo tienen por objeto el control poblacional de todos los gatos comunitarios, con el fin de reducir progresivamente su población manteniendo su protección como animales de compañía.

2. A los efectos previstos en el apartado anterior, será obligatoria la identificación mediante microchip, registrada bajo la titularidad de la Administración local competente, y la esterilización quirúrgica de todos los gatos comunitarios.

Artículo 39. Funciones de la Administración local.

1. En ausencia de otra previsión en la legislación autonómica, y respetando el ámbito competencial establecido por la legislación vigente, corresponde a las entidades locales la gestión de los gatos comunitarios, a cuyos efectos deberán desarrollar Programas de Gestión de Colonias Felinas (...)"

A Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística ao abeiro da atribución de competencias do alcalde de data 28/06/2024 (BOPPO 09/07/2024), ten atribuído en materia de medio ambiente a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais do termo municipal, a responsabilidade do servizo de recollida dos animais abandonados, e calquera outra atribución relativa ós animais domésticos e salvaxes en cativeiro, o que ven realización a través dun contrato administrativo de servizos (expte. 16565/306), nas que se encadrarían as accións subvencionadas.

Asemade, cúmprense os requisitos legais e formais esixidos pola Orde do 20 de decembro de 2024, da CMACC da Xunta de Galicia (DOG 21/01/2025), para ser beneficiarios da subvención que regula esta orde.

A competencia para efectuar a solicitude está atribuída ó alcalde ao abeiro do establecido no artigo 124.4. da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Porén, tal atribución delegouna na Xunta de Goberno Local segundo o establecido no apartado Primeiro. 1. da resolución de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2023 (BOPPO do 28/06/2023).

Polo exposto, proposta á Xunta de Goberno a adopción do seguinte,

ACORDO

Primeiro.- Solicitar á Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático as axudas ao abeiro da Orde do 20 de decembro de 2024 (DOG 21/01/2025), pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia e se convocan axudas para o ano 2025, destinadas ás entidades locais (código de procedemento MT811A), conforme a documentación xustificativa do servizo subvencionado - anexos II-A, II-B, III-A, III-B da Orde debidamente cumprimentados e asinados- achegada pola entidade Servicios Gallegos de Lacería, S.L., (SERVIGAL), prestadora dos servizos de recollida de animais extraviados ou abandonados, atención do Centro Municipal de Protección Animal da Madroa (CMPA), xestión de colonias felinas, en virtude de contrato administración de servizos núm. 16565/306, por un importe de 98.780 euros, segundo o seguinte desglose:

a).- Gastos derivados do acto clínico veterinario da esterilización cirúrxica:

1.- Animais esterilizados da especie canina:

. 113 animais x 50€/animal: 5.650 euros.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

2.- Animais esterilizados da especie felina:

. Do CMPA da Madroa: 44 animais x 30€ animal: 1.320 euros.

. De colinias felinas: 649 animais x 30€ animal: 19.470 euros.

b) Gastos derivados do acto clínico veterinario para a identificación animal:

. Do CMPA da Madroa:(192 caninos+143 felinos) 335 animais x 20 €/a.: 6.700 euros.

. De colinias felinas: 657 animais x 20€ animal: 13.140 euros.

c).- Gastos derivados da manutención dos animais derivados da compra de alimentos comercial seco e/ou húmido específico:

1.- Animais da especie canina:

. 420 animais x 20 €/animal: 8.400 euros.

2.- Animais da especie felina:

. 262 animais x 15 €/animal: 3.930 euros.

d).- Gastos derivados de aplicación de medidas profilácticas:

. No CMPA animais do centro deparazitados e vacinados:(420 caninos + 262 felinos) 682 animais x 30€ animal: 20.460 euros.

. No CMPA animais felinos de colonia deparazitados (esterilización/identificación): 657 animais x 30€ animal: 19.710 euros,

e demais documentación obrante no expediente 18891/306, aceptando expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na citada orde.

Segundo.- A concelleira delegada de Medio Ambiente, Nuria Rodríguez Rodríguez, en virtude da delegación de atribucións do alcalde nos concelleiros de 28/06/2024, BOPPO 09/07/2024, asinará electronicamente os documentos precisos en representación desta Administración municipal para solicitar a dita subvención, remisión documentación complementaria e, no seu caso, posterior xustificación e solicitude de pagamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(702).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ASCENSORES INSTALADOS NOS EDIFICIOS DEPENDENTES DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ. EXPTE. 12266/320.

Visto o informe xurídico de data 07/08/2025 e o informe de fiscalización de data 02/09/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/07/2025, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e conformado polo concelleiro delegado, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

16.Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014.

17.Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

18.Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

19.Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

20.Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

I. Con data 28/11/2022, o concelleiro de Participación Cidadá e Festas resolveu adxudicar a SCHINDLER, S.A (A50001726), o servizo de mantemento dos ascensores instalados nos edificios municipais dependentes da área de Participación Cidadá do Concello de Vigo, por un prezo total de 6.389,38 €, dos que 5.280,48 € corresponden á base impositible e 1.108,90 € ao IVE.

II. Segundo o disposto no apartado 4 das FEC (Folla de Características do Contrato) do Prego de Cláusulas Administrativas do Contrato (PCAC), o prazo de duración do contrato é de 2 anos, prevéndose dúas prórrogas dun ano de duración cada una delas.

III. O contrato foi formalizado con data 1/12/2022 iniciándose a súa execución ao día seguinte (2/12/2022), polo que, o seu prazo finalizou o 1/12/2024.

IV. Con data 12/03/2024 o concelleiro de Área de Goberno de Parques e xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, autorizou o inicio da tramitación do expediente de 1ª PRÓRROGA DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ASCENSORES INSTALADOS NOS EDIFICIOS DEPENDENTES DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO.

V. A través da notificación co número de saída 38103-2024, recibida o 19/03/2024, se comunicou á adxudicataria o preaviso da 1ª prórroga do contrato.

VI. O 26/04/2024 acordouse mediante Xunta de Goberno Local autorizar a 1ª prórroga do contrato por un (1) ano, para o período comprendido entre o 2/12/2024 - 1/12/2025 (exp. 11639-320).

VII. Con data 08/07/2025 a Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, autorizou o inicio da tramitación do expediente de 2ª PRÓRROGA DO SERVIZO DE MANTEMENTO



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

INTEGRAL DOS ASCENSORES INSTALADOS NOS EDIFICIOS DEPENDENTES DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO.

VIII. A través da notificación co número de saída 113563-2025-1, recibida o 17/07/2025, se comunicou á adxudicataria o preaviso da 2ª prórroga do contrato.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), dispón que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. Segundo o disposto no dito precepto, prórroga acordarase polo órgano de contratación sendo obrigatoria para o empresario, sempre que sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Así mesmo, o apartado 7.3 do PAC dispón que o poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

A través da notificación de data 17/07/2025 e nº de saída 113563-2025-1, recibida o 17/07/2025 se comunicou ao adxudicatario o preaviso da 2ª prórroga do contrato coa antelación mínima exixida no citado artigo 29.2 da Lei 9/2017 e apartado 7.3 do PAC.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PAC, en diante) do contrato dispón, na cláusula 7.1, que o prazo do contrato será o establecido no apartado 4.A das Follas de Características do Contrato (FEC), o cal contempla un prazo de dous anos. E en relación ao anterior, no apartado 4.C FEC, se prevén dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

II. Na actualidade, o servizo de mantemento de ascensores instalados nos edificios municipais dependentes da área de Participación Cidadá se desenvolve conforme o disposto no prego de condicións técnicas.

III. Durante o período de duración da prórroga, atendendo ao disposto no artigo 29.2 da LCSP, as características do contrato permanecerán inalterables.

IV. A 2ª prórroga do contrato terá un importe de 3.194,69 € e se imputará á aplicación orzamentaria 9240 2279909 "MANTEMENTO ASCENSORES", quedando distribuído o prezo para o período 2/12/2025 - 1/12/2026, nas anualidades que se indican de seguido:

Exercicio	Importe
2025	257,64 €
2026	2.937,05 €

TOTAL	3.194,69 €
--------------	-------------------

V. Debido á necesidade de garantir a prestación do servizo faise necesario tramitar a 2ª prorroga do contrato maior de servizo de mantemento dos ascensores instalados nos edificios municipais dependentes da área de Participación Cidadá (expte. 10504/320)

VI. A tramitación deste expediente de prorroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este mesmo tipo de actividade en anos anteriores e, polo tanto, se encadra na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos."

VII. O órgano competente para acordar a prorroga dos contratos é a Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP).

VIII. A técnica que subscribe o informe declara non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación.

Asemade, o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos, o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda e a Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas subscriben declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da concellería delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e no Plan de Integridade na Contratación.

Á vista do exposto anteriormente e das competencias establecidas na vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolución da Alcaldía do 19 de xuño de 2023 aprobando a Estrutura da Administración do Concello de Vigo, Resolución de Alcaldía de 21 de xuño de 2023 aprobando a delegación de competencias xenéricas nos concelleiros de Área de Goberno e concelleiros delegados, e acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2023 aprobando a "Delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias) e posteriores modificacións, conforme ao establecido no artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, na cláusula 7ª do Prego de Cláusulas Administrativas e nos apartados 4.A e 4.C das FEC do contrato, atendendo ás necesidades expostas, e previo informe de Intervención, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, a aprobación do seguinte

ACORDO



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

PRIMEIRO: Autoriza-la 2ª prorroga de UN ANO do contrato de servizo de mantemento dos ascensores instalados nos edificios municipais dependentes da área de Participación Cidadá do Concello de Vigo (expte. 10504/320) adxudicado a SCHINDLER, S.A (A50001726) por resolución do Concelleiro de Participación Cidadá e Festas de 22/11/2022, para o período comprendido entre 2/12/2025- 1/12/2026, polo importe de **3.194,69 €**, e se imputará á aplicación orzamentaria 9240 2279909 "MANTEMENTO ASCENSORES", manténdose inalterables, no período de prorroga, as características do contrato.

SEGUNDO: Autorizar e comprometer o gasto da 2ª prorroga do contrato, de acordo co disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, polo importe total de **3.194,69 €**, dos que **257,64 €** corresponden ao orzamento de 2025 e **2.937,05 €** ao orzamento de 2026, e se imputará á aplicación orzamentaria 9240 2279909 "MANTEMENTO ASCENSORES".

TERCEIRO: Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(703).- FIXACIÓN DE PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS PARA OS ESPECTÁCULOS DA PROGRAMACIÓN MUNICIPAL DAS ARTES ESCÉNICAS "VIGO CULTURA" A DESENVOLVER NOS MESES DE OUTUBRO E NOVEMBRO DE 2025. EXPTE. 6230/330.

Visto o informe xurídico de data 26/08/2025 e o informe de fiscalización de data 08/09/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/08/2025, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro de Cultura e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES.-

A concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade resolveu, con data 21 de agosto do 2025, que polo servizo da área de Cultura se inicie o expediente necesario para a fixación de prezos de venda das entradas para os espectáculos

da programación municipal das artes escénicas “Vigocultura”, que se realizará no Auditorio Municipal do Concello, nos meses de outubro e novembro do 2025, de acordo co disposto no artigo 44.2 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e coa ordenanza municipal do Concello de Vigo reguladora de prezos públicos nº42.

A Constitución Española no seu artigo 44.1 establece que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito. Os municipios teñen a competencia da promoción da Cultura e dos equipamentos culturais, de conformidade co previsto nos artigos 25.1 e 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

A Área de Cultura do Concello de Vigo ten encomendada a competencia de establecer as directrices xerais, desenvolvemento e execución de políticas públicas municipais en materia de Cultura, mediante a programación anual de actividades culturais diversas. Neste sentido, a citada área organiza e desenvolve dende hai anos a programación municipal de artes escénicas que se desenvolve no Auditorio Municipal do Concello, consolidada como un referente cultural para o público.

A programación de artes escénicas que organiza a Área de Cultura enmárcase dentro da liña principal de programación coa que se conta no noso eido, a Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA), xestionada pola AGADIC, e que establece datas de programación segundo os catálogos publicados, conforme aos espectáculos que están xirando en cada semestre no panorama.

Así, o Agadic abriu o prazo de selección de propostas artísticas aos Concellos dentro dos seus catálogos de público familiar, público adulto (teatro e danza) e grupos musicais, do 16 de xullo ao 1 de xullo, ambos inclusive. O período de contratación abrangue do 11 de xullo ao 14 de decembro do 2025.

Con data 7 de xullo do 2025, a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade resolveu aprobar a proposta artística para a programación municipal de artes escénicas “Vigocultura”, no Auditorio Municipal do Concello, seleccionada dentro do catálogo da Rede Galega de Teatros e Auditorios, para o período outubro-novembro do 2025.

Dentro do catálogo da RGTA foron seleccionados 19 espectáculos (11 para público adulto e 8 para público familiar), dos que 14 son galegos e 5 de fóra de Galicia, cunha importante representación feminina nos elencos artísticos participantes.

Por outro lado, con data 14 de xullo do 2025, a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade resolveu aprobar a convocatoria pública para presentación de propostas artísticas para o programa municipal de artes escénicas “Vigocultura”, que non formaron parte do catálogo da Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA), para determinadas datas do período outubro-novembro do 2025.

A convocatoria resolveuse pola concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, con data 14 de agosto, seleccionado SETE propostas artísticas,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

das 60 presentadas: 2 espectáculos de rúa, 1 espectáculo para público familiar e 4 espectáculos para público adulto.

Os contratos dos espectáculos seleccionados, tanto no catálogo da RGTA como da posterior convocatoria, están a tramitarse por parte do servizo da Área de Cultura, a través de contratos privados de natureza artística, con cargo ao orzamento municipal vixente para 2025, concretamente á aplicación 3331.226.09.06 “Programación Auditorio Municipal”, proxecto 25333106, que ten saldo adecuado e suficiente.

2.- NORMATIVA FIXACIÓN DE PREZOS

Segundo o apartado 1º do artigo 44 do TRLRFL *“o importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada”*.

No apartado 2º do dito precepto se establece que *“cando existan razóns sociais benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por baixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos deberán consignarse nos orzamentos da entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se a houbese”*.

Así pois, os prezos públicos que se propoñen para a citada programación son prezos por debaixo do custe das actividades, xa que nos atopamos ante un servizo ou actividade municipal de **incuestionable interese cultural** ao tratarse dunha programación de tipo cultural e educativa que pretende chegar ao maior número de cidadás e cidadáns posible, co obxecto de achegar a cultura á poboación.

Establecer un prezo de entrada que supoña como mínimo o custe da actividade tal e como establece a Lei Reguladora das Facendas Locais suporía afastar as cidadás e aos cidadáns da oportunidade de acceder á cultura, xa que implicaría establecer prezos moi elevados aos que non toda a poboación podería ter acceso.

Neste sentido cobra especial relevancia o apoio institucional ás actividades culturais que o Concello de Vigo oferta na súa programación cultural de artes escénicas (música, teatro, danza...), xa que debe ser un obxectivo fundamental de calquera institución cultural a participación e acceso á cultura e motivar a realización e desenvolvemento das actividades culturais, físicas, artísticas e sociais que promovan, o acceso a textos dramáticos (intimamente relacionado co acceso á lectura), a educación en valores (a través da programación familiar), así como facilitar o desenvolvemento de habilidades intelectuais e emocionais transmitidas a través das artes escénicas, capacidades e competencias sociais e culturais no ámbito da comunidade.

Por outro lado, e tendo en conta que o custo de organización desta programación é extraordinario, tal e como establece a ordenanza número 42 reguladora de prezos públicos, increméntanse as tarifas relacionadas nesta ordenanza en contía que non superará o custo calculado en base á ocupación total das localidades.

A resolución pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na Rede Galega de Teatros e Auditorios fixa, en canto aos prezos das entradas, o seguinte:

“4. As funcións incluídas nas programacións da RGTA deberán ser de libre acceso para todos os interesados, previo aboamento do importe da entrada, cos seguintes prezos mínimos (agás nas funcións realizadas noutro espazo escénico non adscrito á RGTA):

Caché do espectáculo / Prezo mínimo

750 – 2.500 €: 3 euros

2.501 – 5.000 €: 5 euros

> 5.001 €: 8 euros”

3.- PROPOSTA DE PREZOS

Público adulto:

Debido a que a programación é concebida como un todo, e que os prezos públicos deben ser máis ou menos homoxéneos para a maioría dos espectáculos e facilitar a información ao público, establécese o prezo de venda de entradas para público adulto segundo o seguinte:

- * 8 €: para espectáculos con cachés inferiores a 5.000 €
- * 10 €: para os espectáculos con cachés entre 5.000 € e 10.000 €
- * 12 € para espectáculos con cachés superiores a 10.000 €.

Público familiar:

Os prezos para público familiar sería en todos os caso de 5 €, tendo en conta que se pretende fomentar o acceso ao teatro ao público máis novo e facilitar así a creación de públicos.

A excepción serían os espectáculos de Bolboreta (9 de novembro) e Societé Mouffette (23 de novembro), ao tratarse de espectáculos a realizar en escenario e con aforo súper reducido, polo que se propón un prezo de 3 €.

4.- ABONOS E DESCONTOS

De acordo co artigo 3.1 da citada ordenanza estableceranse dous tipos de **abonos á carta**:

- compra de 5 espectáculos combinados como se queira, no que se aplicará un 10 % de desconto sobre o prezo total de compra.
- compra de 10 espectáculos combinados como se queira, no que se aplicará un 25% de desconto sobre o prezo total de compra.

En ningún caso se sobrepasa o 30 % que establece a ordenanza.

Por outro lado, establécese tamén un desconto do 30% en virtude de posibles convenios asinados con centros de ensino que garden relación directa coa programación de artes escénicas, como pode ser a Escola Superior de Arte Dramática ou o IES Audiovisual.

Existirán localidades con redución do 30% para menores de 25 anos nos espectáculos para público adulto, xa que as funcións para público familiar xa teñen un prezo especial reducido.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

As porcentaxes de redución do prezo non son acumulables.

5.- FORMA DE VENDA DE ENTRADAS

As entradas serán postas á venda anticipadamente e na billeteira do propio Auditorio o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo (sempre que houbese entradas dispoñibles). Nestes momentos estase a tramitar o expte 6199/330 para a licitación do servizo de venda de entradas para os espectáculos e actividades organizados pola Concellería de Cultura, que, unha vez adxudicado, dará cobertura á venda anticipada (online e física) e na billeteira do auditorio.

6.- COMPETENCIA

O establecemento ou modificación dos prezos públicos corresponderá ao Pleno da corporación, se ben a dita facultade está delegada na Xunta de Goberno Local (artigo 3 da ordenanza n.º 42 reguladora de prezos públicos, en relación co artigo 47 do TRLFL).

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura e maila concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, previos os informes xurídico e da Intervención de Fondos, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

*"1.- Fixar os prezos de venda de entradas para os espectáculos da **PROGRAMACIÓN MUNICIPAL DAS ARTES ESCÉNICAS "VIGOCULTURA" QUE SE REALIZARÁ NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO NOS MESES DE OUTUBRO E NOVEMBRO DO 2025**, de acordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos nº42 e coas normas de funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios, segundo o seguinte detalle:*

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	PREZO PROPOSTO
5/10	Os Naúfragos	Bulebule	5,00 €
10/10	Tal y Cual Producciones	Música para Hitler	12,00 €
11/10	Marta Larralde Cia	Miss Bujía	8,00 €
12/10	Índigo Teatro	Viaje al planeta de todo es posible	5,00 €
17/10	El Aedo Teatro	El Monstruo de White Roses	8,00 €
18/10	Arantxa Treus	Éche unha risa! Monólogos	10,00 €
19/10	Sarabela Teatro	A cincenta que non quería comer perdices	5,00 €
24/10	Yllana	Trash	10,00 €
25/10	Teatro do Noroeste	Guerra	10,00 €
26/10	Amarelo Cía	O Arcón de Noa	5,00 €

31/10	Arroz con Costra	Las preciosas ridículas	8,00 €
1/11	Histrión Teatro	Nevenka	10,00 €
2/11	Rauxa Cia	Teatro de papel	5,00 €
8/11	Barrosanta	Xoguetes rotos	8,00 €
9/11	Bolboreta	Momentos musicais para familias con bebés	3,00 €
14/11	Kirenía Danza	Cicatriz	10,00 €
15/11	Concerto Pablo Le-suit	Camino de las Rocas	10,00 €
16/11	Spasmo Teatro	Bichitos	5,00 €
21/11	Machi Salgado	O espírito de Vania	8,00 €
22/11	Redrum Teatro	Sophie non é o meu nome de guerra	8,00 €
23/11	Société Mouffette	Cuento de Navidad encapsulando a Dickens	3,00 €
28/11	Talía Teatro	Un Deus Salvaxe	8,00 €
29/11	Sarabela Teatro	Metamorfose	8,00 €
30/11	Magia en la Manga	Singularia	5,00 €

2.- Establecer os seguintes abonos e descontos:

*** ABONOS Á CARTA:**

- compra de 5 espectáculos combinados como se queira, no que se aplicará un 10 % de desconto sobre o prezo total de compra.
- compra de 10 espectáculos combinados como se queira, no que se aplicará un 25% de desconto sobre o prezo total de compra.

*** DESCONTOS:**

- Establécese un desconto do 30% en virtude de posibles convenios asinados con centros de ensino que garden relación directa coa programación de artes escénicas, como pode ser a Escola Superior de Arte Dramática ou o IES Audiovisual.

- Existirán localidades con redución do 30% para menores de 25 anos exclusivamente nos espectáculos para público adulto.

As porcentaxes de redución do prezo non serán acumulables.

3.- As entradas serán postas á venda anticipadamente (online e punto físico) e na billeteira do propio Auditorio o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo (sempre que houbese entradas dispoñibles).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

11(704).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ENTIDADE “ASOCIACIÓN MÚSICA CLÁSICA” PARA O FINANCIAMENTO DO IX CONCURSO INTERNACIONAL DE PIANO CIUDAD DE VIGO. EXPTE. 6176/330.

Visto o informe xurídico de data 22/07/2025 e o informe de fiscalización de data 03/09/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/07/2025, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 10 de xullo do 2025, a "Asociación de Música Clásica " presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do "IX Concurso Internacional de Piano Cidade de Vigo" do exercicio 2025 que tivo lugar do 18 ao 22 de abril do 2025; por este motivo, por parte desta xefatura iniciase o expediente de subvención correspondente, polo importe de 40.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.15 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A **ASOCIACIÓN MÚSICA CLÁSICA** é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivos principais realizar actividades de promoción e difusión da música clásica en Galicia, contando con artistas nacionais e internacionais, e organizando actividades de proxección internacional; motivo polo que organizan neste ano 2025 o **IX CONCURSO INTERNACIONAL DE PIANO “CIDADE DE VIGO”**.

PROGRAMACIÓN:

O IX Concurso Internacional de Piano “Ciudad de Vigo” tivo lugar do 18 ao 22 de abril de 2025 no Auditorio Martín Codax do Conservatorio Superior de Música e na sede do Teatro Afundación conforme á programación achegada pola entidade que figura incorporada a este expediente.

A memoria económica que se achega, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 63.353,81 € (sesenta e tres mil trescentos cincuenta e tres euros con oitenta e un céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 40.000 €
- Subvención AIE: 1.500 €
- Patrocinio dos Acordes: 1.000 €
- Xunta de Galicia: 7.000 €
- Achega da entidade: 13.853,81 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade

- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil e certificación da compañía aseguradora de ter subscrito o seguro para cubrir o evento.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Asociación de Música Clásica, para a organización do "IX Concurso Internacional de Piano Cidade de Vigo", obxecto deste, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024 e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á entidade " Asociación de Música Clásica", para o desenvolvemento do "IX Concurso Internacional de Piano Cidade de Vigo", axústase ás directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento de actividades socioculturais

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Asociación de Música Clásica deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2025, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á "Asociación de Música Clásica" ten como obxecto financiar a organización do " IX Festival Internacional de Piano Cidade de Vigo", figurando na aplicación **3340.480.00.15** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 40.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á "Asociación de Música Clásica" é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia),

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 40.000 € (corenta mil euros) á "Asociación de Música Clásica", CIF. G-27813286, para o financiamento do "IX Festival Internacional de Piano Cidade de Vigo", organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.15 "Subvención As. Música Clásica. Concurso de Piano. ", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:

OBRIGAS DA ENTIDADE

1.E de responsabilidade da Entidade :

- 1)**A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
- 2)**A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

3)Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, alugueiro e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

- 2.**Actuará como interlocutor única ante a CONCELLERÍA D. Pablo Galdo Vigo , presidente da entidade
- 3.**Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 4.**Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada
- 5.**Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

- 6.**A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- 7.**Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou ás doutros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos cales se facilitará tanta información lles sexa requirida para este efecto, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. Colaborar co persoal que, no seu caso, desenvolva a/as auditoría/s xestionadas polo Concello de Vigo, prestando a debida colaboración, atendendo aos seus requirimentos e achegando, de selo caso, a documentación complementaria solicitada".
- 8.**Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos contratar e dispoñer dunha póliza de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se producira en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta póliza e certificación de pagamento do seguro de responsabilidade civil.

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (40.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a axeitada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécense o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula

o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención, tendo como límite o 11 de novembro do 2025.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

Gastos subvencionables:

Consideranse gastos subvencionables os realizados no ano 2025 e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(705).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O CONTROL DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS”. EXPTE. 2402/441.

Visto o informe xurídico de data 05/09/2025 e o informe de fiscalización de data 08/09/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 13/08/2025, asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro de Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1º.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 11.10.2024, aprobou o proxecto de "MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS" redactado polos Enxeñeiros Industriais D. Antonio Reboreda Martínez, Dna. Beatriz Pérez Ribas e D. Antonio Reboreda Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEIS MILLÓNS NOVECIENTOS SETENTA E SEIS MIL NOVECIENTOS CORENTA E OITO EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (6.976.948,20 €), con data da sinatura xullo de 2024. (Expte. 6403-443).

2º.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 9 de decembro de 2024, acordou aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS", cun orzamento base de licitación máis IVE de SEIS MILLÓNS NOVECIENTOS SETENTA E SEIS MIL NOVECIENTOS CORENTA E OITO EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (6.976.948,20 €) e abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente. Expte. 2121-441.

Dito procedemento foi adxudicado a CIVIS GLOBAL, SLU, por acordo da Xunta de Goberno Local do día 2 de maio de 2025, formalizase o devandito contrato en data 2 de xuño de 2025.

3º.- A Xunta de Goberno Local, en en sesión do día 21 de marzo de 2025, acordou aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación do SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL PARA O CONTROL E SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE

TEIS", cun orzamento orzamento base de licitación ascende a un total de CENTO SESENTA E SETE MIL TRESCENTOS SESENTA E SETE EUROS con VINTE CÉNTIMOS (167.367,20 €). Expte. 2225-441.

4º.- O concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 27 de xuño de 2025 resolveu autorizar o gasto e o contrato menor para as "Tarefas iniciais básicas de asistencia técnica á dirección facultativa da obra de mellora da Piscina Municipal de Teis" a favor da mercantil Reboareda Martínez Antonio SLNE, cunha duración máxima ata a formalización do contrato do SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL PARA O CONTROL E SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS", ou en todo caso ata o vindeiro 30 de novembro de 2025. Expte. 2365-441.

5º.- A Xunta de Goberno Local, en en sesión do día 18 de xullo de 2025, acordou declarar deserto o procedemento aberto da contratación do SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL PARA O CONTROL E SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS", por quedar excluída a única licitadora admitida no mesmo. Expte. 2225-441.

6º.- En virtude dos antecedentes descritos e para a realización deste servizo, o día 21.07.2025 emítese novo informe de necesidade e idoneidade asinado pola técnica de xestión e polo xefe da Área de Servizos Xerais, ao abeiro do cal na mesma data o concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes acordou o inicio dun novo expediente de contratación.

7º.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado pola técnica de xestión e polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 21.07.2025, onde se indican as finalidades institucionais competencia da administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 21.07.2025.
- c) Prego de Prescricións Técnicas asinado pola enxeñeira industrial e polo xefe de Área de Servizos Xerais os días 21 e 22.07.2025.
- d) Memoria económica asinada pola técnica de xestión, polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e polo concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes os días 22 e 30.07.2025.
- e) Certificados de crédito asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentación o día 29.07.2025.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

- f) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo servizo xestor e asinada o día 31.07.2025.
- g) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 11.08.2025.
- h) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 11.08.2025.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

S.ord. 12/09/2025.

III.- PROPOSTA:

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación do SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL PARA O CONTROL E SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS", cun orzamento orzamento base de licitación ascende a un total de "DOUSCENTOS VINTE E CINCO MIL TRESCENTOS CORENTA E OITO EUROS con CORENTA E DOUS CÉNTIMOS" (225.348,42 €), segundo a distribución de anualidades proposta:

2025	28.973,37 €
2026	173.840,21 €
2027	22.534,84 €
TOTAL	225.348,42 €

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado pola enxeñeira industrial e polo xefe de Área de Servizos Xerais os días 21 e 22.07.2025.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola xefa do Servizo de Contratación o día 11.08.2025.

Cuarto.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3420/6320015 (PISCINA TEIS) - proxecto de gasto 22342009- por importe de 28.973,37 € e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2026 e 2027, na aplicación orzamentaria 3420/6320015 crédito por importe de 173.840,21 € e 22.534,84 € respectivamente.

Quinto.- Para posibilitar a execución do contrato proxectado, conforme ao cronograma de traballo previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 600,00 % e para a terceira anualidade nun 77,78 %.

Sexto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DO PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA PARA MENORES FILLAS E FILLOS DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 13960/224.

.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Ó ABEIRO DA ORDE DO 30 DE XULLO DE 2025 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS PARA PROGRAMAS DE INCLUSIÓN SOCIAL PARA OS ANOS 2025 AO 2027, COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA FSE+ GALICIA 2021-2027. EXPTE. 287243/301.

.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN Nº 167/2025 DO TACGAL, RECAÍDA NO RECURSO Nº 167/2025 INTERPOSTO CONTRA OS PREGOS DA CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS “SANTA CRISTINA-LAVADORES” E “COSTEIRA-SAIÁNS”. EXPTE. 98836/332.

.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA PAISAXÍSTICA E AMBIENTAL DO CASCO HISTÓRICO DE BOUZAS” DENTRO DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DO CASCO HISTÓRICO DA VILA DE BOUZAS, NO MARCO DO PRTR. EXPTE. 6561/443.

.- RECTIFICACIÓN DE ERROS DO ACORDO DE APROBACIÓN DE LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS REFERIDO AO PROCESO DE AUXILIARES ADMINISTRACIÓN XERAL, QUENDA LIBRE E QUENDA LIBRE DIVERSIDADE FUNCIONAL (OEP 2020.2021.2022 2ª FASE). EXPTE. 46469/220.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en

data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

13(706).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DO PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA PARA MENORES FILLOS E FILLOS DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 13960/224.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 09/09/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/09/2025, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O obxecto deste e contrato consiste en xestionar e executar o *“Programa de atención psicolóxica para menores fillos e fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero”*.

Este programa ten por obxecto ofrecer apoio psicolóxico individualizado a menores, fillas e fillos de mulleres en situación de violencia, a través de sesións individuais cunha psicóloga especializada en violencia de xénero, de cara a intervir os efectos negativos que a exposición a violencia de xénero ten para o seu desenvolvemento psicolóxico e emocional.

O programa está dirixido, con carácter xeral, a nenas e nenos de 6 a 17 anos, cuxas nais sofren ou sufriron situacións de violencia de xénero e que na actualidade non exista convivencia co agresor.

O programa ten principalmente 3 finalidades:

- a) Asistencial ou terapéutica. No tratamento da/do menor para resolver as secuelas ou consecuencias negativas da exposición á violencia de xénero.
- b) Psicoeducativa. Para dotar ás nenas e nenos expostos á violencia de xénero de habilidades que lles permitan facer unha crítica das condutas agresivas e que non son aceptables dentro dunha relación igualitaria. Para devolver ás nais as competencias educativas e de crianza, que en moitos casos víronse esgotadas como consecuencia da violencia que sufriron e dándolles ferramentas e apoio necesario para potenciar a súa seguridade, confianza e autonomía no seu rol de nais.
- c) Preventiva. Proporcionando ás nenas e ós nenos os recursos necesarios, segundo o caso, para que poidan identificar as distintas manifestacións da violencia de xénero, promovendo unha asunción de modelos de relacións igualitarias entre ambos sexos, previndo futuras relacións afectivas baseadas na desigualdade e na violencia de xénero.

En data do 26 de agosto de 2025, a xefa do servizo de Igualdade asina o informe sobre a necesidade e idoneidade para a contratación do *“Programa de atención psicolóxica para menores fillos e fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero”*, conformado na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio . Neste informe se expón, que:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

“Tendo en conta a data na que remata o actual contrato, en data 26.03.2025, o Servizo de Igualdade iniciou un expediente de licitación para unha nova selección de contratista por procedemento aberto (expte. 13659-224). A Xunta de Goberno Local de data 04.07.2025 aprobou o expediente de contratación e a apertura do procedemento de licitación cuxo prazo para a presentación de ofertas rematou o día 21 de xullo de 2025. Ao devandito procedemento presentáronse dous licitadoras. A Mesa de Contratación de data 21 de agosto de 2025 propón, entre outros asuntos:

“Quinto.- Con data 14 de agosto de 2025, a xefa do Servizo de Igualdade, emite informe técnico de valoración da documentación presentada no sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” que é aceptado pola Mesa de Contratación, na súa sesión de data 21 de agosto de 2025.

En base ao referido informe, a Mesa de Contratación acorda, asemade, a exclusión de A CARÓN GABINETE DE PSICOLOGÍA, SLPU e EMOCIONAL TECHNOLOGIES 22, SL por incluír, ambas licitadoras, na documentación do sobre B, información obxecto de valoración segundo os criterios avaliables mediante fórmula do apartado 7.B das FEC e, en virtude da cláusula 14.3.B) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, “A mesa, en resolución motivada, excluír da licitación as proposicións nas que concorran algunha das seguintes circunstancias (...) A incorporación a este sobre de información relativa aos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B das FEC.”, tal e como se detalla no devandito informe asinado pola xefa do Servizo de Igualdade o 14 de agosto de 2025

Sexto.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de agosto de 2025 acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a declaración de deserto deste procedemento.”

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 22 de agosto de 2025, adoptou o acordo de declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do servizo do programa de atención psicolóxica para menores fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero (13659-224) por quedar excluídas todas as licitadoras admitidas no mesmo.”

En base á situación sobrevida no expediente da anterior licitación, fíxose necesario por este órgano xestor tramitar unha nova licitación para a formalización dun novo contrato co fin de darlle estabilidade e continuidade a este programa.

En cumprimento do establecido nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) e os artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en data 26 de agosto de 2025 resólvese o inicio do expediente de contratación pola concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, no uso das competencias que lle atribúe a vixente lexislación: art. 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril; Resolución de Alcaldía de estrutura da administración do Concello de Vigo: Resolución de Alcaldía de delegación de competencias xenéricas en concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os de data 20/06/2023 (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023), Resolución de Alcaldía de delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade de data 28/06/2024 (BOPPO núm. 133 do 9 de xullo de 2024), e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/06/2025 de

modificación da delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas/os concelleiras/os de Área de Goberno e aprobación do texto refundido (BOPPO núm. 115, do 18 de xuño de 2025), encomenda de funcións no segundo tenente de alcalde e concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, por Resolución de Alcaldía de data 19.08.2025.

No expediente consta a seguinte documentación:

- Informe sobre a necesidade e idoneidade e orde de inicio do procedemento aberto do contrato de servizos do “*Programa de atención psicolóxica para menores fillos e fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero*” asinado o 26 de agosto de 2025 pola xefa do Servizo de Igualdade, pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola Concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade (encomenda de funcións no segundo tenente de alcalde e concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, por Resolución de Alcaldía de data 19.08.2025). Firmado en data 27 de agosto de 2025 polo Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda e pola secretaria de Goberno Local.
- Memoria económica asinada o 27 de agosto de 2025 pola xefa do Servizo de Igualdade; conformada na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola Concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade (encomenda de funcións no segundo tenente de alcalde e concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, por Resolución de Alcaldía de data 19.08.2025) e en data 1 de setembro de 2025 polo Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda.
- Certificados de retencións de crédito de data 1 de setembro de 2025, operacións nº 12025000107267 e nº 12025000107268 RC_FUT.
- Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas asinada o 27 de agosto de 2025 sobre o cumprimento das especificacións técnicas da lexislación vixente e garantía de acceso das licitadores en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e da libre competencia.
- Prego de prescricións técnicas particulares asinado o 27 de agosto de 2025 pola xefa do Servizo de Igualdade conformado na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola Concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade (encomenda de funcións no segundo tenente de alcalde e concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, por Resolución de Alcaldía de data 19.08.2025).
- Memoria xustificativa asinada o 1 de setembro de 2025 pola xefa do Servizo de Igualdade, e conformada na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola Concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade (encomenda de funcións no segundo tenente de alcalde e concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, por Resolución de Alcaldía de data 19.08.2025).
- Informe favorable do Servizo de Contratación sobre o a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado o 4 de setembro 2025 pola xefa da área de Contratación e Novos Proxectos.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 4 setembro de 2025 pola xefa da área de Contratación e Novos Proxectos.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

Nos termos establecidos no art. 29.4 da LCSP este contrato terá un prazo de duración de dous anos, coa posibilidade de realizar como máximo 3 prórrogas, dunha duración dun ano.

Segundo se motiva na memoria económica, o importe do contrato (IVE exento) é de 31.874,78 €.

O importe do valor total estimado do contrato, incluída as tres posibles prórrogas é de 79.686,95 €.

O expediente ten a condición de gasto plurianual, pois o inicio do contrato está previsto para o exercicio do ano 2025 e a súa finalización está prevista para o exercicio do ano 2027.

As obrigas económicas derivadas do contrato serán atendidas a conta da aplicación orzamentaria “*Plan municipal de Igualdade*” 2311 2279906 do orzamento vixente do Servizo de Igualdade e dos orzamentos futuros que se aproben para os exercicios 2026 e 2027 condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos ditos orzamentos.

Exercicio 2025: 3.984,35 €

Exercicio 2026: 15.937,39 €

Exercicio 2027: 11.953,04 €

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. O obxecto regulado no presente contrato encádrase nas competencias que atribúe aos municipios no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero*
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, especificamente nos artigos relacionados co procedemento aberto que rexerán esta contratación.
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, no que non se opoña á Lei 9/2017.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- O inicio do expediente de contratación corresponde ao órgano de contratación (artigo 116.1 LCSP) que, nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de

Goberno Local (disposición adicional segunda, apartado 4 LCSP). Esta competencia foi delegada nas concelleiras e concelleiros delegados de Área. Resolución de Alcaldía de delegación de competencias xenéricas en concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os de data 20/06/2023 (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023), Resolución de Alcaldía de delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade de data 28/06/2024 (BOPPO núm. 133 do 9 de xullo de 2024), e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/06/2025 de modificación da delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas/os concelleiras/os de Área de Goberno e aprobación do texto refundido (BOPPO núm. 115, do 18 de xuño de 2025), encomenda de funcións no segundo tenente de alcalde e concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, por Resolución de Alcaldía de data 19.08.2025.

2.- O expediente refírese á totalidade obxecto do contrato e nel constan o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexeran o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

3.- O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente, a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

4.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 LCSP.

5.- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2025, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 27 de decembro de 2024 e publicado no perfil de contratante.

6.- Na memoria económica xustifícase o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran (artigo. 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP) así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira); a elección do procedemento aberto e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP).

7.- De conformidade coa disposición adicional terceira apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

8.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Constan no expediente certificados de retención de crédito RC_ FUT e RC de data 1 de setembro de 2025. O informe da fiscalización previa incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

9.- A competencia para a resolución deste expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

Polo exposto, e previo informe favorable da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, que adopte o seguinte

ACORDO:

- 1.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do *“Programa de atención psicolóxica para menores fillos e fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero”*.
- 2.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 4 de setembro de 2025.
- 3.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola xefa do Servizo de Igualdade o 27 de agosto de 2025, e conformado na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola Concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.
- 4.- Autorizar o gasto por importe total de 31.874,78 € para facer fronte á contratación da xestión do *“Programa de atención psicolóxica para menores fillos e fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero”*, que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria *“Plan municipal de Igualdade”* 2311 2279906 do orzamento vixente e dos orzamentos futuros do Servizo de Igualdade que se aproben para os exercicios 2026 e 2027, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos ditos orzamentos, desglosado do seguinte xeito: 3.984,35 € imputaranse ao orzamento do ano 2025, 15.937,39 € imputarase ao orzamento futuro do exercicio 2026, e 11.953,04 € imputaranse ao orzamento futuro do exercicio 2027.
- 5.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(707).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Ó ABEIRO DA ORDE DO 30 DE XULLO DE 2025 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS PARA PROGRAMAS DE INCLUSIÓN SOCIAL PARA OS ANOS 2025 AO 2027, COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA FSE+ GALICIA 2021-2027. EXPTE. 287243/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/09/2025, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área, o asesor xurídico adxunto a Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.1. O 19 de agosto de 2025 publicouse no DOG nº 157, do 19.08.2025, a ORDE do 30 de xu-
llo de 2025 da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia *“pola que se es-
tablecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades locais para programas
de inclusión social para os anos 2025 ao 2027, cofinanciada pola Unión Europea no marco
do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria (código de procede-
mento BS623C).”*

I.2. Esta Orde ten por obxecto o establecemento de subvencións, en réxime de concorrencia
competitiva, ás Corporacións Locais dirixidas ó desenvolvemento de programas polos
servizos sociais de titularidade municipal que teñan por finalidade a inclusión sociolaboral de
colectivos de elevada vulnerabilidade.

I.3. A tipoloxía de subvencións previstas nesa ORDE é a seguinte:

1. Programas dirixidos á inclusión sociolaboral de colectivos vulnerables, que poden adoptar
as seguintes tipoloxías:

- a) Programas dirixidos á inclusión social da poboación xitana.
- b) Programas dirixidos á inclusión social da poboación inmigrante.
- c) Programas dirixidos á inclusión social de persoas en situación ou risco de exclusión
social.
- d) Programas específicos dirixidos a persoas sen fogar.

2. Así mesmo, serán subvencionables os programas complementarios de educación e apoio
familiar dirixidos a familias en situación ou risco de exclusión social.

Cada tipoloxía de programa será solicitada no seu correspondente Anexo (do II ó VI), no que
se sinalarán a intervención social que se realizará e as súas accións complementarias, nas
cales se especificará a natureza destas e os demais datos relevantes para a resolución que lle
sexan esixidos.

I.4. O Concello de Vigo, a través da súa Concellería de Política Social, xestiona programas
incluídos nas anteriores tipoloxías 1.b) [Programas dirixidos á inclusión social da poboación
inmigrante], 1.c) [Programas dirixidos á inclusión social de persoas en situación ou risco de
exclusión social] e 1.d) [Programas específicos dirixidos a persoas sen fogar], así como na
tipoloxía 2 [Programas complementarios de educación e apoio familiar dirixidos a familias en
situación ou risco de exclusión social].

En concreto, tales programas son os seguintes:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

- *Programa de Inclusión socio-laboral activa para persoas sen fogar*, dirixido a persoas de 18 a 65 anos en situación de exclusión social severa que residen no “Piso Básico” do CIIES e que ten como obxectivo xeral favorecer as oportunidades de axuste persoal, a incorporación sociolaboral e a consecución dunha vivenda ou dun emprego.
- *Programa de transición á vida autónoma e ó emprego para persoas sen fogar*, dirixido a persoas de 18 a 65 anos en situación de exclusión social severa que residen no “Piso de Transición á Vida Autónoma” do CIIES e que ten como obxectivo xeral mellorar as posibilidades das persoas de acceder a unha vivenda e/ou de atopar emprego a través de itinerarios personalizados de inserción socio-laboral.
- *Programa de inclusión residencial para persoas sen fogar*, dirixido a persoas de 18 a 65 anos en situación de exclusión social severa, usuarios/as do Albergue-CIIES e que ten como obxectivo xeral facilitar o acceso e o mantemento dun aloxamento estable prestando, con asesoramento personalizado, acompañamento no proceso de adaptación e previndo a discriminación no mercado da vivenda a través de accións sensibilizadoras a arrendadores e axentes implicados nos procesos de inclusión residencial.
- *Programa de Mediación Intercultural e Social dirixido a persoas ou unidades familiares inmigrantes que están a desenvolver o seu proxecto migratorio na cidade*. Ten como obxectivo potenciar os recursos e capacidades persoais e sociais promovendo novas e transformadoras relacións de convivencia, fomentando o diálogo e a participación cidadá e evitando e/ou reducindo as situacións susceptibles de xerar conflictividade na comunidade.
- *Programa Socioeducativo e de apoio familiar (PSEAF)*. Dirixido a persoas e/ou unidades familiares, promovendo a adquisición de competencias e capacidades das familias para un desenvolvemento axeitado das súas funcións parentais, espazos de encontro entre pais e nais e detección e atención de situacións de infancia en alto risco social, dinámicas de violencia intrafamiliar e familias en situación de exclusión social.

I.5. Así as cousas, entendemos que o Concello de Vigo cumpre cos requisitos para solicitar a subvención da Consellería de Política Social e Igualdade nas tipoloxías anteriormente citadas; é dicir, nas tipoloxías 1.b), 1.c), 1.d) e 2.

I.6. Entre a documentación a presentar coa solicitude de subvención menciónase expresamente a “*Certificación da entidade en que conste o acordo ou resolución da entidade local de solicitar a subvención*” (Art. 11.1.a) ORDE).

I.7. No Concello de Vigo, o órgano competente para adoptar ese acordo é a Xunta de Goberno Local, de acordo co establecido no Art. 127 da L.7/1985, do 2 de abril (LRBRL) e, especificamente, no Apdo. Primeiro, Pto. 1, do Decreto da Alcaldía – Presidencia do

20.06.2023, de Delegación de competencias do Alcalde na XGL (BOPPO nº 124, do 28.06.2023).

II. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO

Solicitar subvención ó abeiro da ORDE do 30 de xullo de 2025 da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia “*pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades locais para programas de inclusión social para os anos 2025 ao 2027, cofinanciada pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS623C)*”, publicada no DOG nº 157, do 19.08.2025, para o cofinanciamento de Programas dirixidos á inclusión social da poboación inmigrante (tipoloxía 1.b), de Programas dirixidos á inclusión social de persoas en situación ou risco de exclusión social (tipoloxía 1.c), de Programas específicos dirixidos a persoas sen fogar (tipoloxía 1.d) e Programas complementarios de educación e apoio familiar dirixidos a familias en situación ou risco de exclusión social (tipoloxía 2).

Con todo, a Xunta de Goberno Local decidirá, co seu superior criterio, o que estime procedente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(708).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN Nº 167/2025 DO TACGAL, RECAÍDA NO RECURSO Nº 167/2025, INTERPOSTO CONTRA OS PREGOS DA CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS “SANTA CRISTINA-LAVADORES” E “COSTEIRA-SAIÁNS”. EXPTE. 98836/332.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación a proposta de data 11/09/2025, asinada pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

“1º Tomar razón da Resolución nº 167/2025 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 167/2025, interposto conxuntamente polo SINDICATO NACIONAL DE COMISIÓNS OBREIRAS DE GALICIA e polo SINDICATO NACIONAL DE ENSINO PRIVADO DE GALICIA contra os pregos da contratación dun servizo de xestión



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

das Escolas infantís municipais “Santa Cristina-Lavadores” e “Costeira-Saiáns”, expediente 98836- 332 do Concello de Vigo. Na mesma o TACGAL desestima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

“1. Inadmitir o recurso interposto conxuntamente, SINDICATO NACIONAL DE COMISIÓNS OBREIRAS DE GALICIA e SINDICATO NACIONAL DE ENSINO PRIVADO DE GALICIA contra os pregos da contratación dun servizo de xestión das Escolas infantís municipais “Santa Cristina-Lavadores” e “Costeira-Saiáns”, expediente 98836-332 do Concello de Vigo, integrada por dous lotes.

2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP”.

2º- Dar traslado a Área de Contratación e Novos Proxectos para a execución do acordado polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(709).- APROBACIÓN DO PROXECTO DE MELLORA PAISAXÍSTICA E AMBIENTAL DO CASCO HISTÓRICO DE BOUZAS” DENTRO DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DO CASCO HISTÓRICO DA VILA DE BOUZAS, NO MARCO DO PRTR. Expte. 6561/443.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe-proposta de data 11/09/2025, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O concelleiro da Área de Fomento o día en data 10.06.2024 resolveu o autorizar o gasto e o contrato menor para a redacción do proxecto para a “MELLORA PAISAXÍSTICA E AMBIENTAL DO CASCO HISTÓRICO DE BOUZAS” a favor da arquitecto Ángel Jaime Santorio Cuartero.

II.- O dito arquitecto presenta trala fase de supervisión do borrador presentado, proxecto para a “MELLORA PAISAXÍSTICA E AMBIENTAL DO CASCO HISTÓRICO DE BOUZAS”, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS UN MIL CENTO TRINTA E SEIS EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (401.136,89 €)

III.- O xefe da Área de Servizos Xerais, o día 04.11.2024 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o concelleiro delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta do Técnico de Administración Xeral e Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o día 05.11.2024 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación se desenrola no Casco Histórico de Bouzas, incluíndo o fronte marítimo dende a Igrexa parroquial ao ponte da VG-20, así como a Praza de Urzáiz e a rúa Santo Cristo. O proxecto englobase dentro do Plan de Sostenibilidade Turística de Vigo 2023-2026, concretamente dentro das actuacións seguintes:

- Plan de renaturalización do Litoral do Casco Histórico de Bouzas (Eixo 1. Transición verde e sostible).
- Mellora da imaxe final e integración urbanística, paisaxística e ambiental do Casco antigo de Bouzas (Eixo 4. Competividade)

O Casco Histórico de Bouzas está configurado por un trazado urbano irregular, con angostas rúas pavimentadas con balastro de pedra que impide unha circulación cómoda, presentando deficiencias en materia de accesibilidade, beirarrúas estreitas e discontinuidade nos itinerarios peonís, así como escasas zonas estanciais. Asemade, o fronte marítimo vigués sufriu unha forte antropización que conformou un espazo duro con escaseza de zonas verdes. Para solucionar esta problemática, as obras a executar se describen a continuación:

- Substitución do pavimento da rúa Santa Cristo e Praza de Urzáiz con enlousado de pedra granito moreno silvestre nunha superficie de 684 m², para dotar de uniformidade ao entorno e mellorar a accesibilidade, priorizando a mobilidade peonil.
- Actuacións puntuais de renaturalización urbana en tres zonas: Praza de Urzáiz, Praza de Diego Santos e rúa Cayetano Pereira Limia, mediante a introdución de bancos con base de formigón en cor branca, granito e madeira, así como elementos metálicos sen cores brillantes, que incorpora elementos vexetais, creando zonas estanciais.
- No fronte litoral, se continúa a labor de renaturalización mediante a plantación de árbores de especies autóctonas nas zonas axardinadas preexistentes, de forma que se recupera a conectividade co entorno natural, se mellora a calidade do aire e se reduce o efecto illa de calor. Asemade, dótase ao graderío existente de dúas pezas escultóricas mirando cara o mar.
- Resto de actividades complementarias: recrecidos de tapas de servizos urbanos, axuste de sumidoiros e reparacións superficiais.

Fundamentalmente os obxectivos da actuación son os de mellora da accesibilidade peonil



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1950/1102

na contorna e fomento da mobilidade sostible, e creación de espazos verdes con dotación de mobiliario urbano.

Todo isto levarase a cabo con criterios acordes a actuacións similares na contorna, coma a rehabilitación integral do fronte marítimo da Vila de Bouzas ou a humanización da Rúa Pazo, que pivoten na sostibilidade das actuacións proxectadas, facilidade de mantemento, alta calidade de materiais, criterios de seguridade e respecto polo ámbito preexistente.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de TRES (3) MESES.

V.- Consta no expediente administrativo de referencia resolución favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural asinada o día 06.08.2025, pola que se autoriza o o proxecto de Mellora paisaxística e ambiental do Casco Histórico de Bouzas, concello de Vigo.

